

VIÑO. Denunciamos o abandono de funcións da Consellaría de Medio Rural na vendima ▶ 5

CARNE. Un mozo de Cotobade promove a carne ecolóxica cunha festa gastronómica ▶ 10



Apicultura, Chegan as primeiras colonias de avespa asiática a Galiza
O sector apícola galego terá que aprender a convivir cun novo depredador das abellas ▶ 8 e 9

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XL - Nº 303 - Verán 2014

O VETO RUSO PON EN CRISE O MODELO EXPORTADOR E URXE POLÍTICAS DE SOBERANÍA ALIMENTARIA



O 7 de xullo, o Goberno ruso impoñía á Unión Europea a prohibición de venderlle alimentos como hortalizas, froitas, produtos lácteos ou carnes. Era a súa resposta ás sancións económicas que lle

impuxera Bruxelas, previamente, polo conflito na Ucraína. Neste Fouce analizamos a fondo o impacto que está a ter o veto ruso na produción agrogandeira. ▶ Editorial / 21-23

SECTOR LÁCTEO.

Os prezos do leite seguen a caer até os 32 céntimos, mentres a produción medra e o noso país comeza asumir que terá que enfrontarse de novo á supertaxa no ano 2015. ▶ 4 e 5

HORTA.


O sector da horta encadea unha nova campaña con dificultades engadidas como o aumento de pragas, mentres que o sector da pataca venta unha nova crise cos prezos polo chan. ▶ 7

FONDOS EUROPEOS.

O SLG presentou alegacións para que o Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 dinamice realmente o agro. ▶ 15-17

A agricultura palestina convértese nun dos principais obxectivos militares de Israel

O último capítulo do xenocidio que Israel está a perpetrar contra o pobo palestino aconteceu este verán, con máis de 2.000 persoas asasinadas. A agricultura e as organizacións agrarias palestinas tamén están no punto de mira. ▶ 24 e 25



Con soberanía, outro galo cantaría

A crise xerada polo veto ruso aos alimentos comunitarios puxo de manifesto, unha vez máis, as mi-series dunhas políticas orientadas a favorecer o negocio das grandes empresas agroalimentarias con capacidade para exportar. Unhas políticas que esquecen a fin última da agricultura: alimentar as persoas; e substitúen pola fin última do capitalismo: alimentar as contas de beneficios das empresas.

Datos publicados polo Ministerio de Agricultura revelan que, debido á caída do poder adquisitivo no Estado español, o consumo per cápita de froitas e hortalizas descendeu considerablemente nos últimos seis anos (2008-2014): as compras internas de ameixas no Estado caeron un 22% neste período, sendo a baixada do 20% nas peras, do 17,7% nas mazás, e do 15,4% nos pexegos. Por outra banda, a taxa de pobreza infantil no Estado é do 27,2%, segundo Unicef, e esa pobreza leva aparelada a secuela da malnutrición (alimentación desequilibrada), sufrida polo 25% dos nenos e das nenas menores de 16 anos ao haber moitas familias que non teñen suficientes ingresos económicos para mercar alimentos como carne, peixe ou froita. Da rapazada que vive en condicións de pobreza, o 17% sofre obesidade infantil por non ter froitas nin hortalizas na súa dieta. En troques de garantir unha alimentación equilibrada e suficiente á poboación con menos recursos a través de ferramentas como a compra pública de alimentos ou o fornecemento de comedores escolares e sociais con suficientes recursos, os gober-

“Realmente, ¿podemos seguir tolerando un modelo agrario que nos impide alimentar á cidadanía do noso propio país para deixarlle ese labor fundamental a terceiros? Podemos seguir tolerando un modelo que fai da actividade agraria unha profesión tan vulnerable e dependente dos subsidios, ao tempo que permite atrocidades como a malnutrición infantil?”

nos seguen engordando o lucro das grandes empresas agroalimentarias e o seu negocio exportador.

A prohibición de exportar alimentos a Rusia demostra, por enésima vez, que o actual modelo agroalimentario nos fai extremadamente vulnerables por causas que non teñen nada que ver co ciclo dos cultivos nin coa cría do gando, como conflitos diplomáticos ou variacións no prezo do petróleo, que é peza chave nas exportacións. No actual contexto, non está de máis lembrar os absurdos da política exportadora da Unión Europea. Un estudio realizado por Veterinarios sen Fronteiras baixo o título “Alimentos quilométricos” revela que o Estado Español importa cada día 330 toneladas de carne de polo ao tempo que exporta 205.000. Algo semellante acontece

con dous dos principais produtos afectados polo veto ruso: o leite e a carne de porco. Mentres que Galiza e o Estado Español teñen déficit na produción de leite (non cubrimos a nosa propia demanda interna), co porcino vivimos unha realidade na que as grandes beneficiarias seguen a ser as petrolleiras, pois o Estado Español importa cada día unha media 3.500 porcos vivos e, de xeito paralelo, exporta 3.000. Do absurdo pasamos ao obsceno en sectores como o da pataca: no Estado español entran cada día 1'3 millóns de quilos de patacas de Francia, mentres lle vendemos 275.000 a Portugal e 72.000 ao Reino Unido; iso sen que produzamos, nin de lonxe, as patacas necesarias para cubrir o noso mercado interno e sufrindo crises periódicas de prezos que, como na colleita deste 2014 (a 5 céntimos o quilo), non cheguen nin para cubrir os custes de produción e obrigue a moitos produtores e produtoras a deixar as patacas apodrecer nas leiras para non incorrer en gastos maiores.

Realmente, ¿podemos seguir tolerando un modelo agrario que nos impide alimentar á cidadanía do noso propio país para deixarlle ese labor fundamental a terceiros? Podemos seguir tolerando un modelo que fai da actividade agraria unha profesión tan vulnerable e dependente dos subsidios, ao tempo que permite atrocidades como a malnutrición infantil?

Padecemos un modelo agrario denigrante que nos impide aos labregos e labregas de Galiza producir os alimentos para cubrir as necesidades dos case tres millóns

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Antonio Ferreiro, Miguel Méndez, Lara Barros, Daniel Rodicio, Xabier Gómez Santiso, Isabel Vilalba Seivane e Ramón Barreiro.

PECHE DE EDICIÓN 22-09-2014

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Padre Pardo 24, 1º D. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent. E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

de galegos e galegas, con independencia da súa condición social ou nivel de ingresos. Un modelo que nin sequera distribúe riqueza suficiente para manter un medio rural vivo e habitado. Todo o contrario: a concentración dos ingresos xerados pola agricultura nas grandes empresas, ou o acaparamento do meirande dos orzamentos milmillonarios da PAC por estas, somete ao campo a un proceso de desertización imparable e afoga ás explotacións de calquera sector agrogandeiro con prezos e rendas mínimas, convertendo aos principais motores económicos do campo -agricultura, gandería, silvicultura- nunha carreira de obstáculos na que ninguén quere participar.

En definitiva, esta crise pon de manifesto que a soberanía alimentaria non é unha fantasía na que temos fe un fato de xente utópica. Máis alá, a soberanía alimentaria é a vacina que nos inmunizaría contra crises como a que estamos a vivir e que nada ten que ver coa actividade agraria. Así o defendemos na Galiza como Sindicato Labrego Galego, e así o defendemos no mundo no seo da Vía Campesina. E defendemos a soberanía alimentaria porque estamos convencidos e convencidas de que as producións agrogandeiras deben estar orientadas a fornecer de alimentos os mercados interiores de cada país, a proporcionar alimentos sans e en cantidade e variedade suficiente a toda a poboación con independencia do seu nivel de ingresos, e a manter un medio rural vivo a través dun tecido forte de peque-

nas e medianas granxas familiares que estruturen o territorio e xeren postos de traballo e riqueza no campo.

Así o expuxo a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego en Bruxelas, Isabel Vilalba Seivane, no Consello Consultivo do Leite do 3 de setembro que virou ao redor do veto ruso neste sector gandeiro: "Orien-

“Cremos que a UE ten que revisar as súas políticas agrarias e comerciais e comezar a valorar opcións como a soberanía alimentaria, a preferencia comunitaria, a permanencia de pequenas e medianas explotacións familiares que xeran e garanten emprego rural en todo o territorio, e o fomento dunha cultura da paz entre países e non do enfrontamento”

tar a política agraria europea cara á exportación e os mercados internacionais é un grave erro. Suprimir os poucos instrumentos de control de produción e de mercado que existen agora mesmo na UE, como as cotas lácteas, sen alternativas nin outras medidas que protexan a produción en orixe de alimentos de primeira necesidade coma o leite, é unha irresponsabilidade. Por iso, amais de tomar as medidas correctoras que precisamos hoxe a curto prazo, tamén pedimos medidas que garantan un funcionamento ordenado da produción e do comercio de alimentos, que manteñan viva a produción leiteira e o emprego gandeiro en amplas zonas rurais da UE e que non nos fagan tan vulnerables como somos na actualidade. Por todo o devandito, cremos que a UE ten que revisar as súas políticas agrarias e comerciais e comezar a valorar opcións como a soberanía alimentaria, a preferencia comunitaria, a permanencia de pequenas e medianas explotacións familiares que xeran e garanten emprego rural en todo o territorio, e o fomento dunha cultura da paz entre países e non do enfrontamento”.



SECTOR LÁCTEO ▶ Segue o incremento da produción ao tempo que se desploman os prezos na Galiza, con valores de 32 céntimos para o meirande das explotacións


As previsións apuntan a unha supertaxa de 90 millóns para 6.500 granxas galegas

O aumento produtivo en todo o mundo, o veto ruso e o final do sistema de cotas debuxan un futuro preocupante para o sector

A situación do sector lácteo empeorou no transcurso deste verán con novas caídas de prezos e datos moi preocupantes no que se refire a uns incrementos produtivos que farán, case seguro, que teñamos supertaxa na última campaña rexida polo sistema de cotas leiteiras.

En efecto, os datos sobre prezos publicados pola Consellaría de Medio Rural confirman a tendencia do valor do leite a afundirse en 2014: caeu un 15% dende xaneiro. O prezo medio pagado na Galiza en xullo foi de 33,35 euros por litro, o que supón unha baixada de 2 céntimos con respecto a xuño. O dato empeora se vemos o prezo medio ao que se pagou o leite nas explotacións con 300.000 quilos de produción ou menos, que son máis do 80% das que hai na Galiza (unhas 10.000). Nestas explotacións, o prezo medio foi de 32 céntimos.

Por outra banda, o exceso de produción con respecto á cota leiteira asignada para as explotacións galegas fai que a supertaxa vaia ser algo cantado. Cos datos de produción de agosto, as estimacións do Ministerio de Agricultura indican que, de seguir co mesmo nivel de produción, o 67% das explotacións galegas (máis de 6.500) superarían a súa cota asignada e terían que pagar supertaxa por producir 330 millóns de quilos de máis. Dende o Ministerio de Agricultura xa advertiron que, a pesares de ser o último ano con cotas leiteiras, a supertaxa aplicarase cunha multa que ascenderá a 27 céntimos



Datos publicados pola Xunta de Galicia. A liña azul é o prezo, en caída libre dende xaneiro, ao tempo que medran as entregas

por quilo. De feito, a partir de xaneiro de 2015, comezarán a aplicar retencións na facturación das empresas a aquelas explotacións que teñan superado a súa cota. De seguir a tendencia produtiva na Galiza e cumprirse as estimacións do Ministerio de Agricultura, 6.500 explotacións galegas enfrontaríanse a unha multa de 89 millóns de euros (unha media de 13.600 euros de multa por explotación).

Esta conxuntura está a favorecer o medre da especulación co aluguer de cotas leiteiras a prezos que andan entre 5 e 6 céntimos por quilo. Por outra banda, a asignación de cota láctea da reserva estatal podería axudar a paliar un pouco o impacto da supertaxa. Nesta campaña, asignaranse de oficio 261.000 toneladas no Estado, das cales un 40% (104.000 toneladas) serán para 6.000 explotacións galegas.

Carreira entre os principais produtores mundiais de leite

No contexto internacional, o sector lácteo está experimentando un incremento produtivo a nivel global. Con datos de xuño de 2014, a Unión Europea incrementou a súa produción de leite nun 5,1% con respecto a 2013, mentres que o aumento foi dun 11% en Nova Zelandia e do 1,7% nos Estados Unidos. Asemade, a demanda de produtos lácteos non aumentou.

O aumento da produción unida ao veto ruso aos produtos lácteos da Unión Europea e de Estados Unidos, pode inundar de excedentes o mercado a medio prazo. As únicas medidas políticas emprendidas ao respecto (axudas para almacenamento de leite en po, manteiga e queixos; e compras de inter-

vención) só adiarán un problema que podería estoupar coincidindo coa aplicación da supertaxa. E esa explosión consistiría en un asolagamento do mercado cos excedentes xerados polo veto ruso, unha vez remate o período de almacenamento e compras de intervención e, previsiblemente, o afundimento dos prezos.

A crise por superprodución e excedentes podería agravarse aínda máis a partir do 1 de abril de 2015, data na que deixará de haber cotas lácteas e a partir da cal, se a Comisión Europea non habilita medidas de control da produción e do mercado, é previsible que o sector se lance a unha carreira produtiva de consecuencias nefastas.

Galiza segue en desvantaxe pola escasa base territorial das súas explotacións

A posición de Galiza neste contexto é preocupante. Por unha banda, seguimos a ter un dos prezos do leite máis baixos da Unión Europea, polo que non temos marxe para encaixar novas caídas. Por outra banda, os países produtores do norte e do centro de Europa (Francia, Reino Unido, Polonia, Irlanda, Letonia, etc.) parten con maiores vantaxes (maior base territorial e praderías por explotación e, polo tanto, menores custes de produción). Partindo con esas vantaxes, estes países están a aumentar a súa produción por riba do 7%.

Dende o Sindicato Labrego Galego xa temos pedido en incontables ocasións á Consellaría de Medio Rural medidas que fortalezan ao sector lácteo diante desta preocupante situación. Polo de agora, Medio Rural contesta coa súa habitual inopia e sen mover un dedo. Entre as medidas necesarias, estarían:

✓ **A curto prazo**, habilitar axudas ao sector lácteo para paliar os efectos da crise que xa estamos a sufrir coa caída de prezos e da que traerá a fin do sistema de cotas. Para iso, a Consellaría de Medio Rural ten potestade e medios financeiros a través do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020. Polo de agora, non fixo nada ao respecto. En canto á Comisión Europea, xa dixo que non o vai facer porque iso é competencia de cada estado e comunidade.

✓ **A medio e longo prazo**, crear instrumentos para que as explotacións se poidan dotar de maior base territorial para poder diminuír os seus custes de produción: protección da terra agraria, persecución das forestacións ilegais, banco de terras, etc. Facendo fronte común co Ministerio de Agricultura, pedirlle á Comisión Europea que estude a creación de ferramentas públicas de control do mercado e da produción que salve ás explotacións da vulnerabilidade extrema na que se atopan diante de crises como a do veto ruso, ou diante das prácticas mafiosas da industria e das grandes cadeas de distribución alimentaria.

VIÑO ▶ A pesares de solicitar a súa convocatoria urxente en xullo, a mesa do viño de Rías Baixas comprometida para primavera non se celebrou

O SLG denuncia o abandono de funcións de Medio Rural na vendima

A colleita de uva deste ano iniciouse sen ter celebrado mesas do viño en ningunha das 5 denominacións de orixe

O Sindicato Labrego Galego ofreceu, o 19 de setembro xunto a UUAA, unha rolda de prensa en Pontevedra para denunciar o desleixo de funcións da Consellaría de Medio Rural diante da vendima de 2014 en Rías Baixas, unha actitude de abandono que tamén percibimos nas outras denominacións de orixe. A elección de Rías Baixas fíxose porque existía un compromiso concreto por parte da Consellaría para reunir a mesa do viño desta denominación de orixe en primavera, algo que non cumpriron dende Medio Rural e que o SLG denunciou a mediados de xullo, cando solicitou a convocatoria urxente da mesa do viño sen que o departamento que dirixe Rosa Quintana move un dedo para facer nada ao respecto.

O encargado de falar en nome do SLG foi Salvador Martínez, coordinador do SLG no sur de Pontevedra: “En Rías Baixas” lembrou Salvador, “o sector comezou a traballar en 2013 con suficiente antelación para desenvolver un contrato homologado ao longo do presente ano de cara a fixar as condicións de compravenda da uva. Nesta mesa de traballo tiña un papel fundamental a Consellaría de Medio Rural, que mesmo adoptou unha serie de compromisos para traballar polo futuro do sector nesta denominación de orixe: un estudio dos custes de produción da actividade vitícola, algo esencial para chegar a un consenso sobre o prezo mí-



Imaxe de arquivo dunha Mesa do Viño de Rías Baixas en 2012. Coas bandei-
ras galega e estatal tras deles, Sálvador Martínez e Bernardo Estévez, do SLG

nimo da uva; convocar aos diversos axentes do sector regularmente na mesa do viño; ou buscar instrumentos de financiamento que garantan o pago da uva en tempo ás explotacións por parte das adegas, figuraban entre os devanditos compromisos. A pesares de que nos debiamos reunir xa na pasada primavera

(marzo ou abril), estamos en plena vendima e Medio Rural non deu aínda sinais de vida, o que evidencia o seu abandono na tarefa de coordinar, dinamizar e traballar para solucionar problemas e potenciar na denominación de orixe Rías Baixas, en particular, e en todo o sector vitivinícola galego, en xeral”.

Sen diálogo nin acordos para adaptarse aos cambios de 2014

Respecto da vendima 2014, Salvador Martínez explicou que “estamos nunha campaña moi diferente da anterior e complicada para o sector produtor, o cal facía moi necesario que os diversos axentes do sector sentásenos para falar. Nesta vendima, debido ao alto grao de humidade, en Rías Baixas está a haber unha forte incidencia de enfermidades nas vides, apuntando as primeiras estimacións a unha colleita por baixo dos 25 millóns de quilos, lonxe dos 34 millóns do ano pasado.

Por outra banda, e en positivo, a denominación de orixe experimentou un incremento das vendas con respecto á campaña pasada. Tanto a caída da produción como o aumento das vendas son novidades nesta denominación de orixe que se deberían traducir nun aumento do prezo das uvas con respecto á vendima pasada. Por desgraza, e por abandono da Consellaría de Medio Rural, a vendima xa está moi avanzada e os axentes do sector non puideron debater e chegar a consensos en cuestións tan importantes como as devanditas”.

Ao peche deste Fouce, o 21 de setembro, a vendima aínda seguía en proceso, polo que agardaremos ao seguinte número de setembro-outubro para informar polo miúdo do seu desenvolvemento.

Consellos prácticos para prever riscos na vendima

Asociados á vendima existen unha serie de riscos laborais ante os que convén adoptar as pertinentes medidas de protección:

✓ TRACTOR.

Debido ás irregularidades do terreo habituais en moitos viñedos de Galiza, poden producirse accidentes por envorco, caídas, aceleracións ou por freadas bruscas, sendo especialmente necesario evitar estas últimas.

Non se debe nunca viaxar de acompañante nun tractor ou nun remolque.

✓ TESOIRAS E FERRAMENTAS.

O acio cóllese sempre pola base, nunca polo talo.



✓ RISCOS BIOLÓXICOS.

O contacto con materiais e substancias contaminantes a través de feridas e cortes implica riscos biolóxicos, facéndose aconsellable a limpeza con abundante auga e xabón de calquera ferida desta caste. A este consello cómpre engadir a recomendación de dispoñer dun caixa de urxencias cos elementos necesarios para realizar curas, así como ter, a maiores, medicación antialérxica para o tratamento das reaccións deste tipo.

✓ ACCIDENTES OCULARES POR GOLPES OU PICADAS.

A aproximación da cara e dos ollos ás cepas pode dar lugar a picadelas, polo que se fai aconsellable a protección ocular.

✓ FATIGA POLA POSTURA E POR GRANDES ESFORZOS.

Hai que evitar as cargas excesivas. Tamén é conveniente realizar pausas periódicas en aras a unha correcta relaxación muscular.

✓ CARGAS E DESCARGAS.

Debemos dispoñer de escaleras con chanzos e reixas metálicas para facer a carga e a descarga das cestas de maneira cómoda e segura.



✓ TÉTANO.

As persoas que vendiman (como calquera traballador ou traballadora agrícola) corren un risco potencial de padecer tétanos, o que fai aconsellable a vacinación.

✓ PICADELAS DE INSECTOS.

As picaduras de abellas e avespas pode ser dunha certa gravidade, especialmente en persoas con alerxia ao seu veneno, o que aconsella evitar a roupa de cores vivas e rechamantes que poida atraer a estes insectos.



Co financiamento de:



**XUNTA
DE GALICIA**

VIÑO ▶ Solicitou formalmente unha entrevista co delegado territorial de Ourense, Rogelio Martínez

O SLG denuncia diante da Xunta os problemas de reestruturación de viñedo

As obrigas burocráticas anómalas no proceso de solicitude destas axudas só se están a dar na provincia ourensá

O Sindicato Labrego Galego solicitou unha entrevista co delegado territorial da Xunta na provincia de Ourense, Rogelio Martínez, para denunciar os problemas burocráticos que están a xurdir no proceso de solicitude de reestruturación de viñedos. Un denominador común a todos estes atrancos e requerimentos anómalos nas solicitudes de reestruturación de viñedos é que só se están a dar na provincia de Ourense.

Como xa informamos no pasado Fouce (302, páx. 11), a Xunta está a pedir de xeito anómalo permisos de plantación de parcelas que non forman parte da reestruturación, por exemplo, co risco de que as persoas afectadas perdan as axudas por non poder cumprir co requisito. Mesmo se lles está a esixir documentos que xa obran en poder da Administración, como testamentos ou acreditacións de propiedade, o cal contravén o Réxime das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo o cal a cidadanía ten dereito a non achegar documentación que xa obra en mans da Administración.



A X Romaría por un mundo rural vivo celebrouse en Tordoia

O Sindicato Labrego Galego da comarca de Ordes celebrou, o 12 de setembro, a décima edición da Romaría por un mundo rural vivo. Nesta ocasión, o lugar de celebración foi a antiga estación ferroviaria da Pontraga, en Tordoia. A festa consistiu nun xantar compartido cunha

sobremesa amenizada ao con competicións de xogos tradicionais, música e o sorteo dun año entre as persoas participantes. Deste xeito, o SLG de Ordes deu continuidade a unha festa que tivo como escenario da súa anterior edición a parroquia das Encrobas, en Cerceda.

HORTA, FROITA E FLOR ▶ As irregularidades climáticas favoreceron o incremento de ataques fúnxicos e de insectos como a araña vermella ou a avelaiña do tomate

O aumento das pragas e os baixos prezos condicionan a campaña de horta


As cooperativas seguen coa súa política de pagar baixos prezos para competir e fornecerse con produtos de Portugal

O sector da horta segue en horas baixas na Galiza. Nesta campaña, a continuidade das irregularidades climáticas está comezando a traer canda si a intensificación das pragas que sofren as explotacións, o cal fai que as producións baixen. A maiores, os prezos á baixa seguen a ser a tónica xeral. Cando soben, débese a que as colleitas son escasas ou nulas.

O responsable do sector de horta no SLG, Miguel Méndez, explica que “os baixos prezos e o aumento das pragas lévanos a unha rendibilidade moi baixa e a un desánimo forte nos sectores da horta e da froita. Nos invernadoiros temos novas pragas e ao aire libre perdeuse toda a produción en moitas zonas”.

Un bo exemplo sería o do cultivo do tomate, que tivo que enfrontarse a un incremento de pragas como a avelaiña do tomate (*Tuta absoluta*) ou a araña vermella, e de fungos como o mildiu ou o cladosporium, polo que as producións baixaron. Aínda que os prezos estiveron entre 50 e 70 céntimos por quilo, os custes continuaron subido, polo que a rendibilidade baixou. Respecto doutros produtos hortícolas, cotizaron a prezos entre 70 céntimos e 1 euro o quilo de xudía, ou entre 50 e 70 céntimos o quilo de pementos.

O sector da horta e froita é moi diverso, tanto na diversidade de fincas como de cultivos, pero hai un denominador común, segundo o responsable de Horta, Froita e Flor do SLG, e é



O aumento de pragas como a tuta mingaron a colleita de tomate na campaña

que “nas ultimas campañas os prezos non cobren os custes, e a maioría mantémonos porque facemos horas e horas de traballo sen remunerar. Para sacar algo hai que traballar moitas horas, o que leva á desilusión e

ao abandono, co que o mercado queda sen produción propia do país. As cooperativas de horta quéixanse de que non teñen produción para cubrir a demanda existente, mais non están dispostas a pagar máis

porque din que non o admite o mercado. Co cal entramos nun circulo vicioso. Non hai produción, mais tampouco prezo, e iso leva a que as cooperativas galegas se fornezan con produtos de Portugal para abastecer o mercado galego”. Miguel Méndez advirte que “estamos perdendo fincas no conxunto do país. As fincas intensivas non aguantan fronte á competencia de zonas de como Almería ou Póvoa de Varzím; e as fincas pequenas, entre o clima e a presión dos prezos á baixa, tamén quedamos sen ver futuro no sector. Sen o apoio e compromiso das institucións, Galiza vai quedar sen produto fresco de horta ou vai ver como este queda relegado a unha produción testemuñal”.

Os excedentes franceses provocan unha nova crise de prezos no sector da pataca

Como noutras campañas, a boa colleita de pataca en Francia propiciou que o país veciño asoague, unha vez máis, o Estado español cos seus excedentes, provocando a ruína de miles de produtores e produtoras. Á boa colleita hai que unir tamén o incremento de superficie dedicado a este cultivo nos principais países produtores comunitarios (Francia, Bélxica, Reino Unido, Holanda e Alemaña), que a aumentaron un 3% de media. Con estes vimbios -boa colleita e aumento de superficie cultivada-, agárdase unha suba da produción de pataca na Unión Europea do 7% para esta campaña; só os cinco países devanditos producirán 27,5 millóns de toneladas.

Unha das primeiras consecuencias do devandito é que en Castela-León, A Mancha e Andalucía, onde as patacas se apañan antes que na Galiza, moitas explotacións deixaron a colleita apodrecer na terra para non incorrer en máis gastos diante dunhas cotizacións (5 céntimos por quilo) que non chegan nin para cubrir os custes.

Na Limia, os almacenistas están a mercar moi pouca pataca. Este ano a colleita é boa e de calidade, pero só teñen asegurada a súa venda a uns

prezos relativamente aceptables as patacas baixo contrato. Así e todo, segundo fontes consultadas, o máis probable é que os almacenistas fagan un proceso de destruído demasiado estrito (desbotar patacas por non ter un calibre ou forma axeitados para o mercado) aproveitando que a boa colleita vai propiciar un tamaño grande nos tubérculos. Desta maneira, pagarán o prezo do contrato por unha parte pequena da colleita, e baixarán os prezos do resto.

A colleita sen contrato é moi probable que se teña que vender a prezos miserentos, xa que os almacéns estanse a fornecer de pataca francesa barata, e boa parte da distribución en superficies comerciais, dominada por multinacionais galas como Carrefour ou Alcampo, tamén.

Dende o Sindicato Labrego Galego fixemos un chamamento para que intervise a Consellaría de Medio Rural de cara a paliar esta nova crise no sector da pataca. Dende o SLG, pedimos medidas destinadas a facer que os almacenistas galegos teñan preferencia pola pataca producida na Galiza e a merquen a uns prezos mínimos dignos. Coma noutras ocasións, non houbo resposta.

APICULTURA ▶ O Sindicato Labrego Galego celebrou con éxito varios cursos formativos no sur da provincia de Ourense, en comarcas como A Limia, Baixa Limia e Celanova

A apicultura perfílase como un bo sector para incorporar xente nova ao agro

A produción de mel tamén pode ser un interesante complemento para explotacións asentadas noutros sectores produtivos

A iniciación e o perfeccionamento en apicultura está a ser unha das actividades formativas con máis éxito entre as que promove o Sindicato Labrego Galego polo seu potencial como actividade complementaria que redondee as rendas das explotacións, e mesmo como saída laboral nesta época de crise polo investimento relativamente baixo para pór a andar unha explotación se comparamos a apicultura con outros sectores produtivos. A maiores, a formación en apicultura tamén está tendo unha grande demanda entre persoas que, sen exercer a profesión labrega, queren iniciarse neste fascinante mundo e, de paso, producir mel para autoconsumo.

Ademais, a apicultura é unha actividade labrega de enorme importancia, xa que contribúe á protección do medio ambiente coa mellora agroforestal e axuda a manter a biodiversidade por ser indispensable a actividade das abellas para a polinización; dende este punto de vista, a apicultura é un sector crucial para a boa marcha doutras producións agrícolas, especialmente a hortícola e a froiteira.

Con estes vimbios, o SLG está a desenvolver varios cursos de formación apícola nas comarcas ourensás da Limia, a Baixa Limia e Terras de Celanova. Ademais da parte estritamente formativa, nestes cursos analizouse unha protagonista de actualidade que supón unha seria ameaza para o sector apícola e coa que teremos que convivir de aquí en diante: a avespas asiática.



As aulas teóricas dos cursos de apicultura do SLG en Ourense combináronse con clases prácticas a pé de alvariza

A avespas asiática ameaza a apicultura, os viñedos e as árbores froiteiras na Galiza

O sector apícola galego estase a enfrontar a un novo inimigo que ameaza as súas colmeas: a avespas asiática (*Vespa velutina nigrithorax*). A avespas asiática introduciuse en Europa a través de Francia, onde se asentaron os primeiros exemplares que viñeron de maneira accidental por importacións de produtos chineses en 2005. Dende aquela, estendéronse primeiro por Euzkadi e a Cornixa Cantábrica, até chegar á Galiza e o norte de Portugal en 2012. Hoxe, xa están moi estendidas polo zona costeira do noso país (principalmente, pola Mariña e as Rías Baixas) e a súa proliferación supón unha seria ameaza non só para a apicultura -entre o 50% e o 80% da alimentación da avespas asiática consiste en tórax de abellas- senón tamén para as vides e as froiteiras, xa que roen os froitos no verán e no outono.

Con respecto aos ataques a colmeas, as avespas asiáticas cazan ás abellas, cortándolles patas, cabeza e abdome para levarse o tórax. En outono,

poden atacar directamente as colmeas para cazar dentro delas. Só entre 3 e 5 avespas asiáticas poden causar unha forte perturbación no interior das colmeas e, cun número superior, poden poñer en perigo a supervivencia da colonia apícola.

SEGUE ▶




3 centímetros de tamaño e cor negra agás no extremo de abdome e patas

Aínda que é imposible erradicar a avespas asiática dos territorios nos que se asenta, si podemos manter controlada a súa poboación coa eliminación de niños ou instalando trampas para protexer as nosas colmeas e cultivos. O primeiro paso para facelo, é saber identificar correctamente a este insecto:

A *Vespa velutina nigratorax* mide entre 2,5 e 3 centímetros, e a súa cor é toda negra, agás nos extremos das patas, no cuarto segmento do abdome e na fronte, que son dun amarelo alaranxado.

Non debe confundirse co avespón europeo (*Vespa crabro*), máis grande que a velutina, frecuente na Península Ibérica e que tamén caza abellas; sen embargo, os niños e colonias do avespón europeo son máis pequenos e é unha especie menos perigosa para as nosas colmeas e alvarizas.

Os niños da avespas asiática estrutúranse en favos horizontais, son esféricos ou piriformes, e poden chegar a ter un diámetro de case 1 metro. Polo xeral teñen unha soa entrada de 1,5 centímetros e adoitan a instalarse, principalmente, en árbores (o 50%) e lugares cubertos e aireados (o 30%). Neles, viven colonias con máis de 1.000 avespas.



Niño de avespas asiática

Avespa asiática

Avespón europeo



O abdome da avespas asiática é totalmente negro, agás o cuarto segmento abdominal

As persoas expertas aconsellan protexer as alvarizas e os cultivos con trampas selectivas

As trampas selectivas máis utilizadas son unha especie de nasa elaborada artesanalmente con botellas de plástico e cun cebo a base de líquidos que as atraian. As avespas entran na nasa, pero despois non poden saír e morren.


Como se pode ver no esquema, precisamos unha botella de plástico á que lle cortamos a boca para empatala invertida no seu propio corpo. Por riba, cubrimos cunha lámina de madeira para impedir que entre auga de choiva. Dentro do corpo da botella temos que meter un cebo que atraia ás avespas, como cervexa negra, auga con azucre, carne ou peixe. As avespas entrarán atraídas polo cebo, pero non poderán saír e morrerán. Cómpre deixar un orificio de medio centímetro para que poidan liscar os insectos máis pequenos que tamén caian na trampa.

Hai que colocar trampas durante todo o ano, especialmente no verán, ao redor das zonas que queiramos protexer (viñedos, alvarizas, froiteiras, etc.). As persoas expertas na materia aconsellan reforzar estas medidas coa utilización de feromonas sintéticas que atraian ás avespas asiáticas, ou ampliar as zonas para instalar trampas aos lugares onde haxa camelias xapónicas, especialmente a finais de inverno.

En caso de localizar un niño cómpre destruílo, pero extremando as precaucións. Unha persoa que non teña alerxia ao veneno das avespas pode precisar hospitalización a partir de 8 picaduras. Non esqueamos que na Galiza xa se rexistrou unha vítima mortal por picaduras de avespas asiática: foi unha muller de 86 anos que morreu en Cuntis tras recibir 30 picaduras. Tamén tiveron que hospitalizar durante unha noite un mozo brigadista no mesmo concello tras recibir unha soa pi-



TRAMPA SELECTIVA



cadura e pese a non ser alérxico ao veneno das avespas. Polo tanto, unha vez localizado, cómpre deixar a tarefa de destruír o niño de avespas en mans expertas ou proceder respectando os seguintes pasos:

- ✓ Coa debida protección para evitar as picaduras, selar a entrada do niño con poliuretano.
- ✓ Matar con insecticida as avespas que queden fóra do niño.
- ✓ Queimar o niño.



A multitudinaria asistencia, con máis de medio milleiro de comensais, rubricou o éxito da primeira Festa do Becerro Ecolóxico ao Espeto

CARNE DE VACÚN ▶ Roberto Louzán Alonso promove a carne de vacún ecolóxica organizando a primeira Festa do Becerro Ecolóxico ao Espeto, que se celebrou o 10 de agosto en Viascón (Cotobade), superando tódalas expectativas e facéndose un oco na poboada xeografía gastronómica galega

Becerro ecolóxico ao espeto contra a desesperanza no rural

En 2011, Fouce entrevistaba a Mercedes Alonso, gandeira que forma parte da Dirección Nacional do SLG, para falar da problemática da base territorial das explotacións que vén a súa superficie usurpada por plantacións forestais irregulares en terras agrarias. Naquela entrevista, Mercedes contábanos que lle era imposible ampliar a súa explotación porque xa non quedaban terras na súa parroquia de Viascón (Coto-

bade) debido a que o eucalipto invadira as praderías de toda a contorna. “Ao meu fillo sempre lle gustou traballar aquí e é quen me axuda”, explicaba daquela Mercedes, “pero aínda que quixese montar el a súa propia explotación non podería, así que está na obriga de facer traballos fóra. Vivir todos só do gando, sen ampliar o número de cabezas, sería moi complicado”.

De repetirmos hoxe a mesma entrevista, Mercedes xa non po-

dería contestar o mesmo. Hoxe, o seu fillo, Roberto Louzán Alonso, aos seus trinta anos, vai ver cumprido por fin o soño de rexentar a súa propia explotación. Nun país ao revés coma o noso, tivo que atopar pastos para o seu gando no monte, dado que as terras agrarias da súa parroquia convertéronse, no meirande, en plantíos forestais. E fíxoo da man da comunidade de montes de Viascón, que lle cederá, dende este outono, 62 hectáreas

de terras para criar, en réxime de pastoreo ecolóxico, gando de raza Freireira, maiormente, e algunha res Caldelá.

Que un mozo como Roberto poña a andar a súa propia explotación superando tódolos atrancos que lle puxeron no camiño as nefastas políticas agrarias das últimas décadas é motivo de celebración. E, desta vez, celebración hóbo-a: a primeira Festa Gastronómica do Becerro Ecolóxico ao Espeto.

SEGUE ▶

“O motivo desta festa foi dar a coñecer a calidade da carne ecolóxica”

Foi o 10 de agosto, na mesma parroquia de Viascón, onde o mestre asador Xavier Gao pasou tres xatos polas brasas. A asistencia superou tódalas previsións: medio milleiro de persoas deuse cita na parroquia para degustar este manxar, pero unhas duascenas tiveron que marchar sen catalo, incluída a propia Mercedes. “O 1 de agosto, cando recollemos os tickets, non había nin 30 vendidos”, explica. “Ao contrario doutras festas gastronómicas, non podes mercar uns quilos de carne para atender á xente coa que non contabas. Se tivésemos a previsión da asistencia que se deu, teríamos sacrificado algún becerro máis, pero unha afluencia tan grande foi unha sorpresa coa que non contabamos. A xente agardou até o final para mercar a entrada”.

Polo demais, esta nova festa que promete facerse un oco no calendario gastronómico galego, tivo a colaboración de institucións como o Concello de Coto-bade, a Deputación de Pontevedra, BioCoop e varios establecementos comerciais cotobadeses, amais do persoal do Sindicato Labrego Galego da bisbarra da Estrada. A intención do evento non foi lucrativa. “Mellor é comercializar os becerros de xeito convencional, vendéndollos á túa clientela. O motivo desta festa foi, fundamentalmente, o de promover e dar a coñecer a carne ecolóxica, de moi boa calidade, de reses de raza autóctona criadas e alimentadas en pastos naturais no monte”. Non hai dúbida de que a singradura profesional que inicia agora Roberto Louzán Alonso comeza con bo pé: xa conta con centos de persoas que poden testemuñar a boa calidade da carne das reses que cría, e outra tanta que quedou coas ganas e, para ao ano, andará máis espelida para facerse cunha entrada que lle participar en tan excelso festín.

FIN ■

AXUDAS PAC ▶ O SLG desenvolveu unha rolda de charlas informativas por todo o país para poñer ao día á afiliación nas novidades da reforma da PAC

Avance sobre os cambios para pedir axudas da Política Agraria Común

Para cobrar as axudas da PAC, as beneficiarias deben estar inscritas como explotacións gandeiras e ter un código REGA (Rexistro de Explotacións Gandeiras). Ademais, os animais subvencionabeis teñen que estar inscritos no RIIA (Rexistro de Identificación Individual de Animais). As persoas ou empresas beneficiarias deben cumprir coas condicións de agricultor/a activo/a. En canto á cantidade a percibir por animal, obteríase dividindo o orzamento da comunidade -Galiza no noso caso- entre o número de animais subvencionabeis. En canto ás particularidades de cada axuda:

✓ VACAS NUTRICES.

- ▶ Vacas que pariran nos 18 meses anteriores á solicitude e ser de raza cárnica.
- ▶ Poden ser xovencas entre 6 e 24 meses até o 15 %.
- ▶ O número de reses que percibirá esta subvención limitarase aos animais presentes na explotación o 1 de xaneiro, o 30 de abril, e dúas datas máis entre estas que serán aleatorias e iguais en todo o Estado.
- ▶ O pago máximo será de 400 € / animal.

✓ CEBO.

- ▶ Serán subvencionabeis animais entre 6 e 24 meses.
- ▶ A subvención constará dunha prima base e dun complemento por cebo na propia explotación de orixe ou en cebadeiro comunitario á que esta pertenza. A prima base levará o 80% do orzamento e o 20% complemento.
- ▶ Cobrará a última explotación na que estiveran antes do sacrificio / exportación.
- ▶ Para ter dereito a estes pagos hai que ter un mínimo de 5 animais subvencionabeis.
- ▶ O pago máximo será de 125 € / animal.

✓ VACÚN DE LEITE

- ▶ Animais con máis de 24 meses.
- ▶ O número de reses que percibirá a subvención limitarase ás presentes na explotación o 1 de xaneiro, o 30 de abril, e dúas datas aleatorias máis.
- ▶ Nas explotacións mixtas, consideraranse vacas de leite o número resultante de dividir o

leite comercializado entre 6.400, agás que se demostre outra produción. As reses restantes cobrarán pola liña de nutrices.

- ▶ As primeiras 100 vacas cobrarán o 100%; a partir da vaca 101, cobrarán o 50% do pago unitario.
- ▶ O pago máximo será de 430 € / animal.

✓ OVINO

- ▶ Pagan por femias con máis de 12 meses.
- ▶ O número de animais subvencionabeis será o que teña o explotación o 1 de xaneiro do ano da solicitude.
- ▶ Mínimo de 30 animais por explotación, agás na Cornixa Cantábrica (Galiza, Asturias, Cantabria e Euzkadi) e Baleares, onde se poderá fixar outra cantidade.
- ▶ Fertilidade dos animais subvencionabeis será, como mínimo, de 0,4 anos por ovella.
- ▶ Pago máximo de 60 € / animal.

✓ CABRÚN

- ▶ Pagan por femias con máis de 12 meses.
- ▶ O número de animais subvencionabeis serán os que teña cada explotación a 1 de xaneiro no ano da solicitude.
- ▶ Mínimo de 10 animais por explotación, agás na Cornixa Cantábrica (Galiza, Asturias, Cantabria e Euzkadi) e Baleares, onde se poderá poñer outra cantidade.
- ▶ Fertilidade dos animais subvencionabeis de 0,4 cabritos por cabra, como mínimo.
- ▶ Pago máximo 30 € / animal.

✓ DEREITOS ESPECIAIS

- ▶ Só para explotacións con dereitos especiais e sen hectáreas admisíbeis.
- ▶ Publicarase unha orde específica co orzamento destes pagos para cada sector.
- ▶ Hai que ser titulares de dereitos especiais en 2014 e non ter hectáreas admisíbeis en 2014.
- ▶ Hai que ter Rexistro de Explotacións Gandeiras (REGA).
- ▶ Será unha axuda por animal elixible e ano.
- ▶ As condicións de elixibilidade dos animais serán as mesmas que para as liñas dos pagos acoplados de cada sector.

**Chama e denuncia
os malos tratos.**

¿Facemos un trato?

**Denuncia os malos tratos a través de CERES.
Temos máis de 40 axentes de igualdade que te
acompañarán e guiarán para saír da túa situación.**

**Atopa a túa oficina máis achegada en
www.puntosdeatencion.coagmovil.org**



**ou chama ao 016
teléfono contra o maltrato
(confidencialidade absoluta,
a chamada non se rexistra
nin no teléfono nin na factura).**

Se te atopas nalgunha destas situacións:

- Que tenten controlar o que fas ou con quen estás.
- Que critiquen o teu xeito de vestir.
- Que non respecten a túa opinión tentando impoñer a súa.
- Obrigarte a ter relacións sexuais cando ti non queres.
- Montar espectáculos en público e privado por como actúas e polo que dis.
- Ter formas violentas.
- Facer chantaxe emocional.
- Deciden por ti e por eles.
- Controla as túas amizades e sente celos e envexa por elas.
- Provoca deliberadamente situacións violentas onde che insulta e falta ao respecto.
- Sofres golpes e ameazas con danos.

CHÁMANOS



MINARÍA SALVAXE ▶ Os órganos de xestión e participación desta Reserva da Biosfera aceptaron presentarse como parte interesada a petición do Sindicato Labrego Galego

Terras do Miño estudiará a legalidade das concesións mineiras na Terra Chá

Avaliarase a posibilidade de solicitar un informe ao Consello Científico do Comité Español do MaB, dependente da Unesco

O 28 de xullo, reuníanse en Lugo os órganos de participación e xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño para tomar a decisión de presentarse como parte interesada nos proxectos mineiros que afectan ao territorio deste espazo protexido e solicitar os expedientes das concesións para estudalos. A decisión tomouse despois de que, nunha xuntanza anterior celebrada o 19 de decembro, o Sindicato Labrego Galego fixese a petición a través da súa coordinadora na loita contra as minas, Margarida Prieto Ledo.

Agora, o seguinte paso será que estes órganos de participa-



Os órganos de participación e de xestión da Reserva da Biosfera Terras do Miño aceptaron a proposta do SLG de presentarse como parte interesada no proceso de alegacións aos proxectos de Erimsa na Terra Chá

ción e xestión de Terras do Miño, tras examinar os expedientes, avalíen a posibilidade de solicitar un informe sobre os impactos que terían a extrac-

cións de seixo que pretende levar a cabo Erimsa na Terra Chá. O encargado de elaborar o informe sería o Consello Científico do Comité Español do Pro-

grama MaB (Programa sobre o Home e a Biosfera da Organización das Nacións Unidas para a Educación, Ciencia e Cultura -Unesco-, no que se inclúen as reservas da biosfera). Desta maneira, o Consello Científico do MaB informaría se é permisible ou non a minería a ceo aberto en 5.700 hectáreas repartidas entre os termos municipais Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Vilalba e Riotorto, todos incluídos na Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Dende o Sindicato Labrego Galego, agardamos que a implicación da Reserva da Biosfera abra a posibilidade de pedir a nulidade das concesións mineiras á empresa norueguesa Erimsa que se atopan aínda en vigor e que ameazan, dende hai máis de 8 anos, a actividade agraria da Terra Chá.

BANCA ÉTICA ▶ A nosa organización apoiou o proxecto dende os seus inicios como socia e depositaria de fondos

O primeiro proxecto de Fiare na Galiza financiará ao Sindicato Labrego Galego

No Fouce 302, informabamos do grande paso que deu Fiare na Galiza, un proxecto que, dende este outono, estará aberto a calquera que queira gardar os seus aforros nunha entidade financeira cooperativa e rexida polos principios da banca ética.

En relación con isto, alédanos poder comunicar que será o Sindicato Labrego Galego o protagonista do primeiro proxecto financiado por Fiare na Galiza. Dende o SLG apostamos dende o principio por Fiare como so-

cios e como un lugar onde depositar os nosos aforros coa confianza de que eses cartos serán utilizados con criterios de transparencia e xustiza social. Agora, grazas a un convenio con Fiare, o SLG será financiado pola banca ética.

No SLG somos conscientes de que o actual sistema bancario é discriminatorio para quen traballa ou produce, o piar de moitas desigualdades sociais e de agresións ao medio e, en grande medida, causante tamén da actual crise. Tendo en conta que o



Gonzalo Gesto Quiñoy, en representación de Fiare, e a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, subscribiron o convenio de colaboración entrambas entidades

poder actual está en mans da especulación financeira; é imprescindible crear instrumentos financeiros non especulativos, produtivos e que, a maiores, teñan en conta a microeconomía. A crise que estamos a

sufrir a sociedade en xeral e as explotacións en particular fai que no SLG pensem que o futuro debe pasar, necesariamente, pola economía social. E cremos que Fiare encaixa neste modelo.

SUPRESIÓN DE XULGADOS ▶ As plataformas locais trazarán estrataxias comúns a través dunha coordinadora

O SLG participou nas protestas en defensa dos xulgados de Xinzo

Na provincia de Ourense xa se organizaron movementos cívicos para defender sete partidos xudiciais

O Sindicato Labrego Galego participou na manifestación convocada pola Plataforma en Defensa do Partido Xudicial de Xinzo o pasado 10 de xullo. Ademais, apoiou as críticas emanadas dende este movemento social cara aos alcaldes populares da bisbarra limiá que non

acudiron á mobilización para defender uns intereses que nos incumben a todos e a todas por riba de diferenzas políticas e ideolóxicas.

Tal e como informamos no Fouce 302 (páxs. 18 e 19), a Lei Orgánica do Poder Xudicial prevé suprimir 41 dos 45 partidos xudiciais que ten Galiza. Contra isto, están a xurdir numerosos movementos locais (sete só na provincia de Ourense) para defender os xulgados de cada bisbarra que están a cobrar cada vez máis forza e que,



Toda a sociedade limiá expresou o seu rexeitamento á supresión dos xulgados de Xinzo apoiando masivamente a manifestación celebrada o 10 de xullo

a comezos de xullo, sentaban as bases dunha coordinadora galega para defender os partidos xudiciais da Galiza.

Unha das primeiras accións desta coordinadora será acadar 15.000 sinaturas para levar ao Parlamento de Galiza unha iniciativa lexislativa popular para oporse á reforma xudicial imposta polo Goberno do Estado.

A coordinadora argumentou a súa oposición sacando a colación “as características especiais dos partidos xudiciais galegos, centros de interese histórico, económico, demográfico e social nun territorio de poboación moi dispersa, onde a súa eliminación ocasionaría graves problemas á veciñanza das zonas máis periféricas”.

RISCOS
LABORAIS

Os riscos da inercia en maquinaria agrícola

Cando falamos de inercia en maquinaria agrícola, referímonos a todo aquel elemento que, trala súa desconexión, segue en movemento durante un determinado período de tempo, cos riscos que isto ten á hora de causar accidentes se non adoptamos as medidas de precaución preceptivas.

✓ PUNTOS CON INERCIA

O máis coñecido é o volante de inercia, compoñente dun motor ou dunha máquina destinado a regular o seu funcionamento. Está constituído por unha roda ou por un disco de ferro fundido ou aceiro que vai fixado sobre o eixe do motor.

Nalgunhas máquinas agrícolas existen volantes de inercia que continúan xirando durante varios segundos despois de ser desconectadas (por exemplo, algúns tambores-cortadores de empacadoras, que teñen un tempo de parada que pode chegar aos 2 minutos).



✓ RISCOS

▶ **Interrupcións súbitas no traballo:** Comprobar o que sucedeu sen ter en conta que parte dos mecanismos aínda están en movemento.

▶ **Comprobacións sobre máquinas paradas:** Parte dos elementos de inercia poden acharse en equilibrio inestable. A máis mínima presión pode provocar o seu cambio a equilibrio estable, co conseguinte accionamento dos elementos solidarios e a posibilidade de provocar un accidente.

ferramentas, nin moito menos apoiando as extremidades.

✓ ZONAS DE PROYECCIÓN

▶ Determinadas máquinas poden proxectar partículas e elementos de diversos tamaños con gran forza e a gran velocidade.
▶ O coñecemento das máquinas que comportan tal risco permite evitar estes accidentes e traballar de tal maneira que outras persoas tampouco corran este perigo.

Co financiamento de:

**XUNTA
DE GALICIA**

✓ MEDIDAS DE PROTECCIÓN E PREVENCIÓN

▶ Coñecer que partes das máquinas constan de dispositivos inerciais, onde se achan situados e que mecanismos accionan.

▶ Tódalas zonas de máquinas con masas inerciais dispoñerán dos convenientes resgardos de seguridade.

▶ Asegurarse da parada total dos mecanismos.

▶ Non intentar XAMAIS axudar á detención dunha parte móbil da maquinaria, nin mediante

DESENVOLVEMENTO RURAL ▶ A Consellaría de Medio Rural deixou só dúas semanas ás organizacións agrarias para estudar un plan que debería levar meses de traballo

O SLG cuestiona os investimentos que a Xunta fai cos cartos do PDR 2014-2020

Presentamos alegacións para impedir que os 890 millóns de euros destes fondos se desbaldan en accións non agrícolas

O Sindicato Labrego Galego expresou a súa preocupación pola desidia da Consellaría de Medio Rural á hora de deseñar o Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020. Trátase dun plan con amplo financiamento da Unión Europea: uns 127 millóns de euros por ano para Galiza (890 millóns para todo o período) que supoñen o 75% dos orzamentos para esta fin (o 25% restante debe correr a cargo da Consellaría de Medio Rural e do Ministerio de Agricultura). Estes cartos poden ser unha ferramenta poderosa para o noso desenvolvemento rural, sempre e cando non se desbaldan os recursos en accións moitas veces difíciles de xustificar e, en ocasións, fraudulentas, tal e como aconteceu co PDR 2007-2013.

Desta vez, e a finais de xullo, as organizacións agrarias e sociais fomos convocadas para presentar as nosas propostas ao PDR 2014-2020 con tan só dúas semanas de antelación antes de ser presentado en Bruxelas, sen tempo nin para debater nin para achegar propostas traballadas en profundidade, nun plan que debería ter levado varios meses de preparación.

Isto fai que temamos que a Consellaría de Medio Rural se limite a copiar e pegar as accións desenvolvidas no pasado con estes fondos. Dende o SLG, botamos de menos uns obxectivos claros neste PDR e a posta en marcha de medidas concretas para acadalos, dado que o que se nos presentou ás organiza-

cións agrarias foi unha listaxe de liñas desordenadas, inconexas e sen ningunha estratexia clara. Tamén vemos falla de axilidade á hora de levar a cabo as accións: en agosto, Galiza era a quinta comunidade do Estado máis atrasada na execución do PDR 2014, co 67% realizado.

Fronte a isto, o SLG presentou varias alegacións ao PDR orientadas a protexer e xerar emprego no rural, a desenvolver un modelo social de acceso á terra, a promover producións de calidade ou a favorecer a sostibilidade das actividades agrogandeiras. Cómpre ter moi presente que se trata de fondos do segundo pilar da Política Agraria Común que, de xeito fundamental, deberían ser para apoiar aos principais sectores produtivos do medio rural: agrario, gandeiro e forestal.



Unha imaxe que proba a utilización fraudulenta das brigadas contra incendios polos concellos: neste caso, a brigada da Estrada facendo labores de xardinería para adecentar as rúas da vila por mor do paso da Volta Ciclista a España

Brigadas de traballo, banda ancha e turismo en troques de apoio á agricultura

Unha das grandes eivas do PDR na Galiza é que boa parte das súas partidas orzamentarias destínase a fins que non teñen que ver nin coa agricultura, nin coa gandería nin co sector forestal. Por exemplo, é absurdo seguir gastando cartos en facer casas de turismo rural cando o nivel de ocupación en temporada alta (xullo e agosto) non chegou ao 60% en 2014; deberíanse subvencionar proxectos só en zonas onde non haxa oferta suficiente ou vinculados ao agroturismo. Tampouco pode ser unha prioridade destinar, como pretende a Xunta, grandes partidas orzamentarias para incorporar 600.000 novos usuarios e usuarias de banda ancha na Galiza, cando a cobertura é do 90% do territorio e o resto pode gozar do servizo vía satélite cun mínimo investimento.

Con medidas coma estas, a Xunta incorpora como grandes beneficiarios do PDR entes autónomos como a Consellaría de Industria ou a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (Amtega), en troques dos labregos e labregas que son quen se deberían beneficiar dos apoios. Se-

mella que hai grupos de interese que conseguiron introducir liñas que axuden a financiar operacións que son do seu interese particular (industria, extinción de lumes, banda ancha, enerxías renovables...), o cal é particularmente grave cando non houbo un marco público de participación nin dos/das representantes dos principais sectores produtivos nin da cidadanía.

Capítulo aparte nesta cuestión é que os fondos do PDR se veñen utilizando como vía de financiamento dos concellos, moitas veces con proxectos ou accións que non teñen nada que ver co desenvolvemento rural. Un bo exemplo disto son as brigadas municipais para a extinción de incendios, financiadas a cargo do PDR de xeito fraudulento, pois o PDR só podería cubrir labores de prevención dos lumes ou de recuperación das terras queimadas, pero nunca de extinción. Ademais, dende o SLG constatamos que a maioría dos concellos utilizan estas brigadas para tarefas como mantemento de infraestruturas municipais, xardinería, limpeza, etc.).

SEGUE ▶

As nosas propostas para pasar dun PDR de comenencias a outro para a Galiza labrega

Nun plano positivo, o Sindicato Labrego Galego fixo varias achegas para mellorar o PDR na Galiza se realmente queremos que sexa un instrumento de transformación e desenvolvemento rural.

Agardamos que a Consellaría de Medio Rural tome boa nota de todas as propostas que lle presentamos e que non volva repetir os erros cometidos co PDR 2007-2013, esforzándose en destinar a totalidade dos cartos a fomentar verdadeiramente o desenvolvemento rural da Galiza. Entre as medidas e mudanzas propostas, destacamos:

✓ **Incremento de activos agrarios:** Até 2020, período do actual PDR, xubilaranse na Galiza o 40% das persoas que se dedican á agricultura. O obxectivo de Medio Rural é incorporar, nese período, un 2'5% de novos activos agrarios, un obxectivo insuficiente, para o SLG. Por iso, propuxemos que se orzamente o necesario para tentar incorporar un mínimo de incorporar 10.000 persoas á profesión agraria, probablemente unha das que máis futuro ten na Galiza no actual contexto de desemprego, pois o noso país é importador neto de tódolos alimentos que consume.

✓ **Incremento da superficie agraria útil (SAU) na Galiza:** Debería financiarse o obxectivo de acadarmos, como mínimo, o 33% do noso territorio para fins agrarias. Actualmente temos só o 21% de SAU, unha das máis baixas de Europa, onde países como Francia superan o 50%. Esta medida garantiría que as nosas explotacións se puidesen enfrontar ao crecente incremento dos custes enerxéticos ou de insumos, como a alimentación animal.

✓ **Fin das cotas leiteiras:** O PDR debería contemplar a inminente fin do sistema de cotas leiteiras e a previsible volatilidade dos prezos que isto provocará. Dende a propia Comisión Europea recomendaron a creación de medidas para apoiar ao sector a través dos PDR, pero a Consellaría de Medio Rural semella non terse decatado, pois non contempla ningunha acción ao respecto.

✓ **Calidade diferenciada:** Deberían incorporarse novos esquemas de calidade como, por exemplo, a posibilidade de certificar leite, carne ou produtos agrarios e gandeiros pro-

ducidos en base a pastos, á alimentación sostible dos animais, ou á maior calidade de vida e lonxevidade dos mesmos. É dicir, buscar calidades diferenciadas que dean novos valores engadidos e diferenciación dos nosos produtos no mercado. Neste senso, cómpre apoiar procesos de certificación participativa entre as persoas consumidoras e produtoras que dean valor á produción local e sostible, tanto dende o punto de vista ambiental como do social.

✓ **Procesos de transformación dos alimentos nas propias explotacións:** Cómpre dar apoio ás explotacións para que transformen os alimentos que producen como medio para xerar valor engadido. Para potenciar esta medida, habería que apoiala con outras como o fomento da distribución de alimentos en canles curtas de comercialización e venda directa.



✓ **Silvicultura:** No eido forestal, eliminar tódalas axudas que non fomenten unha silvicultura sustentable, o mantemento da biodiversidade e unha axeitada xestión do solo. En concreto, deixar de financiar monocultivos de crecemento rápido como o eucalipto ou certificacións de sostibilidade coa biomasa ou a

pasta de papel obtidas a partir desta especie, o cal é fraudulento.

✓ **Diferenciación entre sectores para fixar a contía das axudas:** Outra das nosas peticións foi que se rexistre distintos importes nas axudas en función da rendibilidade, superficie media e custos de mantemento diferentes. Por exemplo, as superficies dedicadas á produción hortícola e á viticultura non poden ter os mesmos importes que as superficies forestais.

✓ **Axuda para pequenas explotacións:** No fomento de medidas agroambientais, dende o SLG propuxemos a creación dunha axuda mínima ás pequenas explota-

cións con compromisos adicionais de sustentabilidade. Trataríase de introducir unha nova liña de axudas a pequenas explotacións en mans de persoas en activo que ocupen unha UTA (Unidade de Traballo Agrario), de maneira que se complementen as axudas PAC das mesmas ata os 3.000 €; ou de 3.000 € para as explotacións que non teñan pagos PAC. Hai sectores como o vitícola, hortícola, froiteiro, ecolóxico e algúns sectores gandeiros nos que moitas explotacións, pola súa dimensión reducida, quedan totalmente fóra das axudas PAC. Estas pequenas explotacións, ademais de proxectos multifuncionais, aseguran a ocupación e xestión coidada do territorio, o mantemento de postos de traballo e a permanencia poboacional no medio rural. Ás explotacións con axudas agroambientais inferiores a 3.000 euros non se lles esixirá asesoramento obrigatorio.

✓ **Manexo sostible dos pastos:** Eliminar o mínimo de superficie. Se a media de superficie das explotacións de Galiza é de 8,2 hectáreas, segundo di o propio PDR, non parece lóxico que se esixa un mínimo de 10 hectáreas para ter acceso a esta axuda, xa que só beneficiaría a unha minoría de explotacións.





✓ **Formación e aconsellamento nas explotacións:** O SLG pediu que se reforcen os sistemas públicos, apoiando a dotación co persoal técnico especializado, especialmente dende as axencias comarcais. Tamén propuxemos que ao persoal de formación se incorporen persoas labregas con experiencia no desenvolvemento de actividades sostibles, como complemento ás partes técnico-teóricas; e se limite o acceso de consultings ou entidades que non acrediten experiencia de traballo en proxectos con explotacións agrarias, gandeiras ou forestais.

✓ **Estratexia 20-20 (investigación e innovación aplicada):** Propuxemos que sexa prioritaria a investigación para apoiar necesidades básicas dos sectores agrarios, gandeiros e forestais como, por exemplo, a produción de proteína para a alimentación do gando, a transformación de lácteos que xeren valor engadido ou o apoio á industria do moble con madeiras de calidade.

✓ **Rede Natura 2000:** só poderán acceder a pagos compensatorios de rede Natura 2000, agricultores ou silvicultores activos; e quedarán excluídas dos pagos as superficies que estean plantadas a eucaliptos de menos de 40 anos. Por coherencia, os concellos quedarían excluídos das axudas. Tamén se rexistrarían distintos importes en función da rendibilidade, superficie media e custos de mantemento diferentes. Por exemplo, as superficies dedicadas á produción hortícola e á viticultura non poden ter os mesmos importes que as superficies forestais.

✓ **Agricultura ecolóxica:** Incrementar as axudas por hectárea nun 50%.

✓ **Produción integrada:** eliminar a superficie mínima e incluír a superficie froiteira coa mesma axuda por hectárea que a viticultura,

así como incrementar os importes de axuda por hectárea no 50 %.

✓ **Zonas desfavorecidas de Montaña:** De cara a apoiar as zonas máis desfavorecidas do noso medio rural, a Indemnización Compensatoria de Montaña (ICM) debería ser, como mínimo, de 215 euros por hectárea. O pago mínimo noutras áreas con limitacións naturais sería de 129 euros. Estes pagamentos deberían ser prioritarios sobre outras liñas do PDR e estar garantida a súa dotación orzamentaria.

✓ **Plan Leader:** Eliminar a prohibición que impide que a produción agraria primaria se poida beneficiar das axudas do Plan Leader no que, ademais, deberían participar os e as representantes das organizacións agrarias representativas, cooperativas, asociacións de mulleres, mocidade, ecoloxistas e tecido asociativo das comarcas. As administracións públicas, para garantir a metodoloxía Leader, non debería representar máis dun 40% na directiva.

✓ **Fomento da apicultura para a mellora da biodiversidade:** As colmeas que pertencen a titulares con Código de Explotación Agraria (CEA) serán todas subvencionábeis. Así mesmo, o SLG considera a axuda por colmea escasa, polo que pediu que se incre-



mente até 20 euros para as 100 primeiras colmeas, e 12 euros para o resto. Deberíase fomentar que os núcleos sexan reducidos en número de colmeas, aumentando o número de núcleos, para que a polinización se realice en todo o territorio.

✓ **Recursos xenéticos:** Substituír tódalas liñas de custos esixíbeis pola conservación do material xenético das especies, para apoiar a mellora e a reprodución para o uso na propia explotación, o intercambio local e as redes de asociación de sementes. Cambiar o 100 % da axuda polo 75 %.

✓ **Conservación de recursos xenéticos na silvicultura:** Substituír tódalas liñas de custos esixíbeis pola de conservación do material xenético das especies que sexan nobres, caducifolias e autóctonas; a mellora e a reprodución para o seu uso na propia explotación; ou o intercambio local e en redes ou asociacións de sementes. Cambiar o 100% da axuda polo 70%.

✓ **Fomento de razas autóctonas en perigo de extinción:** Quitar a obrigatoriedade da contratación de servizos de aconsellamento para esta liña. Podería deixarse aberta a posibilidade de financiar novas razas no futuro que sexan obxecto dun programa de conservación por parte da administración galega, en condicións como as que figuran nas razas protexidas actuais. Un bo exemplo sería a galiña piñeira, que debería incluírse na listaxe das razas autóctonas xunto a outras, cos mesmos requisitos de protección que xa teñen as recoñecidas.



✓ **Distribución dos fondos:** Para evitar que o PDR siga a ser unha vía de financiamento das administracións, dende o SLG avogamos para que os seus cartos vaian, principalmente, a persoas que desenvolven actividades agrícolas, gandeiras e forestais que, ademais, son as que sofren determinadas limitacións por ter as súas explotacións, por exemplo, en zonas de Rede Natura ou de Protección Paisaxística, de xeito que os fondos respondan verdadeiramente ao seu obxectivo de compensar as limitacións, e axudar a protexer os valores naturais oportunos. Por coherencia, dende o SLG pedimos que os concellos queden excluídos das axudas.

MINARÍA SALVAXE ▶ A pasividade da Xunta e do concello obrigou a poñer en mans dos xulgados a presunta ilegalidade cometida pola empresa norueguesa na comarca de Ordes

O SLG denuncia a Erimsa na fiscalía polas prospeccións de terras en Oroso

A toma de mostras minerais podería terse feito sen a licenza urbanística e sectorial mineira a que obriga a lei

O 3 de xullo, o Sindicato Labrego Galego denunciaba á empresa mineira Erimsa diante da Fiscalía de Medio Ambiente. A encargada de presentar a denuncia foi a nosa coordinadora na loita contra a minaría salvaxe, Margarida Prieto Ledo; quen, ademais, mantivo unha xuntanza co fiscal delegado de Medio Ambiente en Galiza, Álvaro García Ortiz, para falar dos feitos denunciados. Estes remóntanse ao 15 de maio de 2013, cando SLG interpuxo diante do Concello de Oroso, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Consellaría de Industria, senllas denuncias por unha posible prospección ilegal de terras da que se fixo publicamente responsable Erimsa en varios medios de comunicación.

Tras un ano de inoperancia das entidades devanditas, o Sindicato Labrego denunciou os feitos diante da Fiscalía de Medio Ambiente, en Compostela, tal e como adiantamos. No escrito presentado, pedíuselle ao ministerio fiscal que lle requira á Consellaría de Medio Ambiente, á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e ao Concello de Oroso toda a documentación que teñan en relación a este caso. Ademais, tamén se lle pediu que inste á empresa Erimsa a demostrar “que as obras extractivas realizadas se fixeron baixo o oportuno amparo de licenza, urbanística e sectorial mineira” e abra o correspondente expediente de investigación.

✓ Antecedentes

En maio de 2013, varios xornais publicaban unha información que revelaba que Erimsa estaba a tomar mostras de cuarzo nas proximidades de Porto Avieira (Oroso) para ver se lle resultaba lucrativo facer unha explotación industrial deste mineral. Sen embargo, a pesares de que a solicitude de permiso para investigación estivo en exposición pública en febreiro e marzo dese ano, daquela non houbera aínda resolución administrativa; tamén o alcalde en funcións de Oroso, Antonio Leira, negou publicamente que se lle concedese ningunha licenza a esta empresa para tal fin, xa que o único permiso expedido polo consistorio foi para realizar un movemento de terras á dona da finca, pero non a unha empresa mineira.

Dende o Sindicato Labrego Galego entendemos que Erimsa carecía de permisos legais para facer os estudos e extraccións hai un ano, polo que podería ter incorrido nunha actividade ilegal ao tomar mostras minerais, presunto delito que aínda non prescribiu.



A coordinadora da loita contra as minas no SLG, Margarida Prieto, denunciou os movementos de terras de Erimsa en Oroso diante da Fiscalía de Medio Ambiente

Case 1.000 hectáreas afectacas nos concellos de Oroso, O Pino e Compostela

As extraccións feitas en Oroso están dentro do permiso de investigación Calvente, que afecta a case 1.000 hectáreas, boa parte delas catalogadas como solo rústico de protección agropecuaria e de protección forestal, onde non é posible a actividade mineira sen autorización previa. Ademais da concesión Calvente, Erimsa solicitou outros catro permisos de investigación noutras catro concesións mineiras nas comarcas de Compostela e Ordes: Andrea 7.137, Lamoso 7.135, Xanceda 76.138 e Marís, que sumadas a Calvente, abranguen entre as cinco unhas 8.000 hectáreas. En concreto, a concesión Calvente ten 32 cuadrículas nos concellos de Oroso,

O Pino e Santiago; Andrea ten 87 nos termos municipais de Oroso, Ordes, Frades e Mesía; Lamoso, 9 en Ordes e Oroso; e Marís, 102 en Mesía e Frades do mesmo xeito que Xanceda, que ten 28 nestes dous últimos concellos. Tódolos permisos son para investigar a presenza de cuarzo e minerais afíns para a industria da cerámica e do vidro.

Unha parte importante dos terreos afectados por estes permisos de investigación foron sometidos no seu día a un proceso de concentración parcelaria, de maneira que teñen actualmente un claro uso agropecuario e unha alta produtividade agrícola ou gandeira.

SEGUE ▶

Accións legais contra a canteira de Vilavella explotada por Cementos Cosmos en Triacastela

A Asociación Socio-Cultural O Iribio, en representación da plataforma contra-MINAcción, da que forma parte tamén o SLG, esixiu ao Concello de Triacastela a paralización inmediata de calquera actividade na mina a ceo aberto que explota de xeito ilegal Cementos Cosmos neste municipio: a canteira de Vilavella. O ultimato facíase o pasado 13 de agosto, e diante da falla de resposta da alcaldesa, Olga Iglesias, que tamén é deputada no Congreso, presentáronse varios recursos de reposición da legalidade contra a empresa mineira por parte de colectivos como Cova Crea, Petón de Lobo ou Alternativa Galega de Esquerdas (AGE). Ademais, o 18 de agosto, O Iribio denunciou a explotación mineira diante da policía autonómica polo “incumprimento dos requisitos e condicións de obrigado cumprimento que establece a licenza outorgada a nivel municipal e a total inacción do Concello de Triacastela para facelas cumprir”.

Estas accións non son as primeiras que colectivos sociais ou a propia veciñanza emprenden contra Cementos Cosmos en Triacastela. Hai dous anos, Adega denunciaba que a canteira ocupaba ilegalmente parte dun monte comunal en virtude dun acordo entre o concello e a empresa en 1971. Tamén, o pasado 16 de xullo, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil facía referencia a un expediente sancionador a Cementos Cosmos por executar, sen autorización, o anheado dun camiño na zona protexida do río Teixido.

Así as cousas, Cementos Cosmos levaba dez meses coa actividade paralizada en Triacastela despois de que O Iribio denunciase que carecía de licenza municipal para explotar esta canteira. Saltándose varias normativas e coa complicidade de diversos departamentos da Xunta, a alcaldesa Olga García outorgou a licenza o 1 de agosto, reiniciándose a actividade mineira de xeito inmediato pola cementeira. Ao tempo que Cementos Cosmos traballaba a toda máquina, as fins de semana incluídas, o Concello de Triacastela entorpecía o labor de O Iribio ao negarlle o acceso ao documento de licenza. Cando, por fin, se deu accedido a este documento -12 días despois da concesión- descubriuse que Cementos Cosmos estaba a incumprir numerosos requisitos, polo que se volveu demandar a paralización da súa actividade.

Nun comunicado, a plataforma contra-MINAcción explicou que “o outorgamento desta licenza é un escándalo, nun procedemento cheo de irregularidades, ilegalidades, contra-

dicións e indicios de prevaricación, saltando calquera avaliación ambiental, nun lugar onde é unha auténtica barbaridade a autorización dunha explotación mineira, polo que xa anunciamos que será recorrida demandando a súa anulación”.

Cementos Cosmos é unha empresa que pertence á multinacional brasileira Votorantim. A canteira que explota en Vilavella (Triacastela) denomínase Don Isidro nº 6.043 e abrangue 11 cuadrículas mineiras, o que equivale a unhas 330 hectáreas. Dela extraense calcarias de alta calidade indispensables para a fabricación de cemento na factoría de Sarria. De feito, a empresa ameazou con abandonar a súa actividade na Galiza se non pode explotar a súa canteira de Vilavella. Cementos Cosmos vén explotando esta mina a ceo aberto dende hai 40 anos de maneira ilegal e con licenzas provisionais.

POR QUE O REXEITAMENTO A CEMENTOS COSMOS EN TRIACASTELA?

O caso da canteira de Vilavella é especial porque atenta contra bens de todo tipo cometendo ilegalidades manifestas que, a pesares de todo, acaban obtendo o visto e praxe de varias administracións. As principais irregularidades son as seguintes:

- ✓ Trátase dunha mina a ceo aberto en plena **Rede Natura**, no Lugar de Interese Comunitario (LIC) Ancares-Courel, nunha área na que existen ducias de especies protexidas e hábitats de alto valor ecolóxico. Sobra dicir, que a licenza a Cementos Cosmos en Triacastela foille outorgada sen o preceptivo informe de avaliación ambiental.

- ✓ A canteira está sobre un leito fluvial e afecta ao **dominio público hidráulico** doutro río. A pesares de que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil iniciou un proceso sancionador contra Cementos Cosmos e denunciou máis dunha ducia de ilegalidades desta empresa, rematou por informar favorablemente da súa actividade.

- ✓ Unha das ilegalidades máis ostentosas é que a explotación da mina se está a facer sobre a **Cova de Eirós**, un dos máis importantes xacementos arqueolóxicos da Galiza. Esta cova estase investigando dende o ano 1990 e nela atopáronse restos de fauna galega con 35.000 anos de antigüidade, un cento de pinturas rupestres e ferramentas de pedra e outros vestixios da cultura neandertal, que data do Paleolítico Medio. A Cova de Eirós

está considerada como o maior e mellor conservado xacemento arqueolóxico de Galiza e un dos mellores centros paleontolóxicos de Europa pola súa riqueza en restos de *Ursus Speaeus* (oso das cavernas). A que podería ser unha das principais referencias arqueolóxicas do noso país, está seriamente ameazada, xa que a actividade mineira rematou coa capa de rocha que protexeu as pinturas durante miles de anos, polo que agora están sendo atacadas pola humidade e as filtracións de auga. Ademais, as constantes voaduras con explosivos ameazan con destruír de xeito irreversible este santuario de pintura rupestre na Galiza. Outras covas nas inmediacións, como A Catuxa ou a Gralleira, aínda sen escavar pero cun potencial arqueolóxico altísimo, tamén están ameazadas. Existe un precedente que fai temer o peor: nos anos 80, a actividade extractiva de Cementos Cosmos en Triacastela destruíu por completo unha cova de grandes dimensións situada preto da zona central da canteira.

- ✓ A canteira de Vilavella está nas inmediacións do **Camiño de Santiago** e dentro da súa área de protección. O impacto paisaxístico da canteira durante varios quilómetros da Rota Xacobeá é tan brutal que o Comité Asesor do Camiño de Santiago xa manifestou a incompatibilidade da explotación de Cementos Cosmos cos valores patrimoniais desta vía de peregrinación. A pesar diso, o subdirector xeral de Protección do Patrimonio Cultural, Juan Antonio Naveira Seoane, emitiu informe favorable ao outorgamento da licenza municipal.

- ✓ A maiores, a canteira de Vilavella afecta ao territorio de **cinco aldeas**, corta varias vías de comunicación entre elas e, como xa vimos, usurpa montes comunais. **FIN ■**



Pinturas rupestres achadas na Cova de Eirós

IX
FORO

POR UN MUNDO RURAL VIVO

24, 25 e 26 de Outubro de 2014
Seminario Stª Catalina, Mondoñedo – Galiza

BENS COMÚNS, LUITAS E RESISTENCIAS PARA A DEFENSA DOS NÓS TERRITORIOS

AFIANZANDO A PROPOSTA LABREGA COS MOZOS E AS MOZAS NAS NOSAS LEIRAS

Durante os días 24, 25 e 26 de outubro de 2014, a cidade de Mondoñedo (Galiza), acollerá o IX Foro por un Mundo Rural Vivo, co lema: *“Bens comúns, luitas e resistencias para a defensa dos nosos territorios. Afianzando a proposta labrega cos mozos e mozas nas nosas leiras”*. Convocado por Plataforma Rural, nesta ocasión, a organización anfitroia e coorganizadora do evento será o Sindicato Labrego Galego. Para seguir afortalando o noso movemento pola Soberanía Alimentar, as persoas e as organizacións que traballamos en favor de “Un Mundo Rural Vivo”, agasallámonos tempo, espazo de encontro e convivio para algo tan importante como ilustrar o debate e a reflexión. De seguido, avanzamos o programa do Foro.

VENRES, 24 de outubro

Mañá: recepción e acollida dos/as participantes.

14.00 Xantar.

16.30 Apertura oficial do Foro:

- ✓ **Antonio Villarino**, do Sindicato Labrego Galego.
- ✓ **Orlando González**, alcalde de Mondoñedo.
- ✓ **Isabel Vilalba**, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego.
- ✓ **Mª del Mar Martín**, Plataforma Rural / Alianzas por un Mundo Rural Vivo

17.00 Presentación IX Foro por un Mundo Rural Vivo. De Guernika a Mondoñedo.

17.30 Diálogo cos nosos referentes: Labregos e labregas en resistencia, modelos productivos alleos á lóxica do capital, freguesias que durante séculos xestionaron os seus recursos de xeito comunitario, culturas que permitieron a vida camponesa e a sustentabilidade dos territorios e os seus ecosistemas:

- ✓ **Concha Becerra**, da Universidade Rural Paulo Freire (URPF) Sierra de Cádiz (dinamizadora).
- ✓ **Henar Román Fernández**, Labrega de Abadín, Galiza.
- ✓ **Auxiliadora Delgado**, defensora da permanencia no territorio, Tierra de Campos (Palencia).
- ✓ **Fermina Bardón**, defensora dos bens comúns en Omaña (León).

- ✓ **Mª Ángeles Ramón**, agricultora en Cinco Villas (Zaragoza).
- ✓ **Raquel Ramírez**, representando o PANAL e o COLLETERO, Nalda (Rioja), rescatadoras de coñecementos, hortos e sementes.
- ✓ **Primitivo Pedrosa**, representante artes menores da cofradía de Muros.
- ✓ **Agustín Perez**, ex-patrón maior da Cofradía de Cedeira.

21.00 Cea

22.30 Concerto: Tomás de los Santos + Borja Penalba. DONES I DONS

SÁBADO, 25 de outubro.

09.30 Nós queremos vivir no medio rural: realizando as experiencias da xente moza que quere voltar ao campo, visibilizando as achegas e o saber facer das labregas.

- ✓ Espazo construído pola mocidade para o conxunto do IX Foro
- ✓ Espazo construído polas mulleres para o conxunto do IX Foro

14.00 Xantar.

16.00 Loitas e arelas para un Mundo Rural Vivo:

- ✓ Blanca Ruibal, de Amigos da Terra (dinamizadora).
- ✓ Acordo Transatlántico de Libre Comercio - TTIP, dereitos camponeses, Soberanía Alimentar: Javier Sánchez, de La Vía Campesina Europa, e Sandra Moreno do SOC.
- ✓ Ley Montoro, Compra Pública: Jesús Manuel Albarrán, das Juntas Vecinales de Omaña (León) e Sindicato Labrego Galego.
- ✓ Acceso á terra: Laia Ahumada, de Terra Franca, e Juan Villalba, secretario provincial de COAG Málaga.
- ✓ Metodoloxías participativas e novas prácticas políticas (mareas,...): Tom Kucharz, de Ecologistas en Acción, e Josep Plasencia, da CUP e do GT de pagesia i món rural.
- ✓ Construído outras economías desde o medio

rural: José Cófreces, experiencia de Tronceda (Ourense) e Lidia Milleker, cooperativa de Mulleres Asazón en Ribera Sacra (Ourense)

18.00 Construído Colectivamente. Concellos Abertos. Un percorrido por:

- ✓ O corro da Fraternidade.
- ✓ A praza da igualdade.
- ✓ O cruce da diversidade.
- ✓ A rúa da solidariedade.

20.30 Espazo para o encontro con compañeiros e compañeiras do Movemento Sem Terra do Brasil.

21.30 Cea compartida con produtos dos diferentes lugares aos que vimos representar neste foro: un canto á diversidade alimentar.

23.00 Festa labrega:

- ✓ Queimada eco-feminista.
- ✓ Actuación do grupo de música tradicional “Alesancia” e pequenas representacións de músicas e cantos dos povos. Diversidade de expresións artísticas.

DOMINGO, 26 de outubro.

10:00 Desde os nosos colectivos e alianzas, retos e propostas de traballo para os dous próximos anos.

- ✓ X Foro por un Mundo Rural vivo, coorganizado pola Alianza por la Soberanía Alimentaria del País Valencia.
- ✓ Plataforma Rural - Alianza por un Mundo Rural Vivo: Ana Etchenique e Jerónimo Aguado.
- ✓ Vía Campesina: Unai Aranguren e Mª del Carmen Bueno do C.C.I. de LA VÍA CAMPESINA.

11.30 Acto público de rúa, onde se procederá á lectura dos nosos compromisos para os dous próximos anos e se dará por concluído o IX Foro por un Mundo Rural Vivo.

12.00 Mercado labrego (Plaza do Concello). Traede produtos para vender.

14.00 Comida

+ I N F O R M A C I Ó N

Prezo de matrícula: 25 € por persoa.
Comidas: Almorzo (3,85 €). Xantares e ceas (15 €). Utilizaranse alimentos labregos locais. A cea do sábado será con alimentos d@s participantes.

Espazo lúdico para nenos e nenas: de cara a que pais e nais poidan participar no foro.
Aloxamento: As persoas que participan deberán xestionar o seu aloxa-

mento. Existe a posibilidade de pernoctar de xeito económico no mesmo recinto onde se celebra o foro en liteiras (sen sabas nin toallas) a un prezo de 3,5 € a noite.

Para recibir máis información ou para inscribirse:

- ✓ www.plataformarural.org
- ✓ plataformarural@nodo50.org
- ✓ 979 154 219

VETO RUSO ▶ A intromisión da Unión Europea no conflito entre Rusia e Ucraína sáldase coa prohibición de exportar os principais produtos agroalimentarios comunitarios

Guerra fría na agricultura

As medidas da Comisión Europea son insuficientes e non tocan nin un céntimo dos 427 millóns da reserva de crise da PAC

Poucos labregos e labregas puideron pensar que a crise política que viviu a afastada Ucraína na pasada primavera puidese ter algún tipo de consecuencia no agro galego. Sen afondar nas causas ou razóns do conflito, a intervención da UE dando o seu apoio ao goberno da Ucraína e impondo sancións a Rusia provocou un conflito diplomático do que aínda non coñecemos ben as consecuencias. De primeiras, o 7 de agosto, entraba en vigor a prohibición rusa de importar froitas, hortalizas e froitos secos; carne de porco, tenreira e polo; leite, queixo e outros produtos lácteos; e peixe da Unión Europea. Esta prohibición manterase polo menos durante 1 ano.

Rusia era o principal cliente de produtos agroalimentarios da Unión Europea, que lle forneceu o 42% das súas importacións en 2013. As compras de Rusia supoñen o 10% das exportacións de alimentos comunitarios e deron, o ano pasado, un saldo positivo de 10.200 millóns de euros; só os produtos vetados achegaron á UE, en 2013, 5.252 millóns de euros, dos cales 1.000 millóns se gastaron en carne de porco, e 1.300 millóns en lácteos e queixos.

O Estado español exportou a Rusia en 2013 alimentos por valor de 588 millóns de euros, sumando os agora prohibidos cos que aínda pode exportar: froitas (158 millóns), carnes, sobre todo porco (116 millóns), froitas e hortalizas transformadas (89 millóns) e hortalizas frescas (72 millóns). Polos alimentos prohibidos ingresou en 326 millóns de euros en 2013.



A insuficiencia das axudas ten en xaque a boa parte do sector da horta e da froita. Na imaxe, reparto de 10.000 quilos de froita e hortalizas en Madrid, o 5 de setembro, como protesta á falla de reacción da Comisión Europea diante da crise, convocatoria feita polas tres principais organizacións agrarias.

200 millóns en axudas para cubrir produtos con valor superior aos 5.000 millóns

O principal perigo do veto ruso vén da posibilidade de que os principais países afectados inunden o mercado comunitario cos excedentes xerados e pola perda inmediata de produtos perecedoiros, como a froita ou as hortalizas. Polo de agora, estas son as medidas da Comisión Europea:

✓ HORTA E FROITA.

As primeiras medidas da Comisión Europea foron destinar 32,7 millóns de euros para pexegos e nectarinas, e 125 millóns para para hortalizas e outras froitas. A mediados de setembro, a Comisión poñía en suspenso estas axudas e interviña no seu reparto. En concreto, ao Estado español asignáballes unha cobertura de 100.000 toneladas para retirar produto, facer colleita en verde e non colleita, entre o 23 de setembro e o 31 de decembro. As froitas e hortalizas cubertas son: laranxa, pequenos cítricos, mazá, pera, tomate, pemento, cogombro, cenorias, ameixas, uvas de mesa e kiwis. As organizacións agrarias criticamos estas axudas por ser manifestamente insuficientes.

✓ SECTOR LÁCTEO.

En canto ao sector lácteo, o 7 de setembro entraron en vigor unha serie de medidas para as que se destinará un orzamento entre 10 e 20 millóns de euros. Este orzamento case dá risa se pensamos que a Unión Europea exportou a Rusia, no ano 2013, leite e lácteos por valor de 1.347 millóns:

▶ **Almacenamento privado de manteiga:** Até o 31 de decembro de 2014. 18,93 € por tonelada almacenada para custes fixos e 0,28 €/tn por día de almacenamento. O período de almacenamento será entre 90 e 210 días.

▶ **Almacenamento de leite desnatado en po:** Até o 31 de decembro de 2014. 8,86 € por tonelada almacenada para custes fixos e 0,16 €/tn

por día de almacenamento. O período de almacenamento será tamén entre 90 e 210 días.

▶ **Almacenamento privado de queixos:** Estará aberto o prazo para almacenar até o 31 de decembro e limitarase a un máximo de 155.000 toneladas. O importe da axuda será de 15,57 € por tonelada almacenada para custes fixos e 0'27 €/tn por día de almacenamento. Período de almacenamento entre 90 e 210 días. A cifra prevista é cativa, se pensamos que as exportacións de queixo comunitario a Rusia ascenderon a 257.094 toneladas en 2013. Ademais, non dá cobertura ao queixo fresco por non poder almacenarse durante períodos prolongados de tempo.

▶ **Ampliación do período de compras de intervención de manteiga e leite desnatado en po:** Amplíase o remate do período para facer compras de intervención do 30 de setembro até o 31 de decembro de 2014. O volume de compras previsto mantense: 109.000 toneladas de leite desnatado en po (LDP) e 50.000 toneladas de manteiga. O prezo das compras de intervención será de 2'2 € por quilo de manteiga e 0'19 € para o litro equivalente de leite co que se produciu esa manteiga (lonxe do prezo medio internacional da manteiga, que está en 3,35 euros o quilo); e de 1'69 euros o quilo de leite desnatado en po ou de 0,32 o litro equivalente de leite co que se produciu ese LDP (o seu prezo medio internacional está, actualmente, en 2,43 euros o quilo).

✓ AXUDAS ADICIONAIS

Amais destas axudas, a Comisión aprobou unha partida extra de 30 millóns de euros para cofinanciar accións de promoción de produtos agrarios dentro da PAC en 2015 que se sumarán á partida xa existente para esa fin de 60 millóns. **SEGUE ▶**

Os excedentes de leite e pataca ameazan Galiza

Resulta difícil cuantificar en que medida afectará o veto ruso aos sectores agrogandeiros galegos. Por distancia, as exportacións alimentarias a Rusia dende Galiza non poden ter moita importancia polos elevados custes de desprazamento. Sen embargo, o impacto podería ser terrible se a Unión Europea non activa ferramentas eficaces para impedir que os enormes excedentes xerados polo peche de fronteiras en Rusia asolaguen o mercado interno comunitario e derrube os prezos. Agora mesmo, os sectores máis ameazados son o lácteo e o da horta, especialmente o da pataca.

✓ Os excedentes de leite polo veto ruso poden pasar dos 2 millóns de toneladas

O total dos produtos lácteos exportados polo Estado Español a Rusia en 2013 limitouse a queixos polos que se ingresaron 1,63 millóns de euros. Moi pouco en comparación cos 2.200.000 toneladas que a UE exportou a Rusia neste capítulo no mesmo período, que supoñen o 1'5% da produción total de leite comunitario.

O maior impacto que podemos agardar na Galiza e no Estado español neste sector vén do feito de que somos deficitarios na produción de leite -produci-mos menos do que consumimos- e mercamos a países como Francia, Portugal, Alemaña, Reino Unido e Bélxica para fornecernos. Isto supón que, aínda que non nos afecte o veto, a curto prazo poderíamos vernos asolagados polos excedentes xerados nestes países, que si teñen grandes volumes de venda a Rusia, o que provocaría o afundimento duns prezos que non pararon de baixar dende comezos de ano: Segundo os datos publicados pola Consellaría de Medio Rural, as explotacións galegas cunha produción de 300.000 quilos ou menos -unhas 10.000 que supoñen o 80% do sector na Galiza- cobraron en xullo un prezo



Tres días antes de que Rusia anunciase o seu veto á Unión Europea, o 4 de xullo, as tres organizacións agrarias xa demos unha rolda de prensa para denunciar a caída de prezos no sector lácteo sen que houbera razóns de mercado para a baixada

medio de 32 céntimos por litro, un valor afastado dos 35 céntimos de prezo medio a que se cobrou o leite no conxunto do Estado, e dos 38,6 céntimos na Unión Europea, no mesmo mes.

✓ O veto coincide cun forte incremento da produción de pataca en toda Europa

As exportacións do Estado español a Rusia en 2013, no que se refire a froitas e hortalizas, ascenderon a 231.599 toneladas polas que se ingresaron 72,18 millóns de euros pola venda de legumes e hortalizas, e 157,93 millóns pola venda de froita. Trátase do sector máis afectado a nivel de Estado polo veto.

Aínda que Galiza non é exportadora de produtos de horta a Rusia, podería verse afectada se chegan excedentes provocados polo veto ruso. As axudas activadas pola Unión Europea para este sector son a todas luces insuficientes, o que propiciou a unión das tres principais organizacións agrarias do Estado e o desenvolvemento de protestas, como o reparto gratuito 10.000

quilos de froita como protesta o 5 de setembro en Madrid.

Polas súas características propias, o sector da pataca merece unha análise aparte. A produción de pataca no Estado español estaba a afrontar unha forte crise propiciada pola boa colleita e un aumento de produción xeneralizado en toda Europa: prevese un aumento da produción do 7% na campaña 2014-2015, chegando aos 27,5 millóns de toneladas nos cinco principais produtores comunitarios. Isto favoreceu a introdución masiva de pataca francesa excedente a prezos de miseria (ao redor dos 5 céntimos por quilo), o que provocou a perda da colleita en comunidades como Andalucía, A Mancha ou Castela-León, onde moitas explotacións deixaron as patacas na terra para non incorrer en máis gastos. Na Galiza, A Limia sería a comarca máis afectada. Aínda que as exportacións de pataca a Rusia dende a Unión Europea son anecdóticas (60.000 euros en 2013), a cuestión do veto ruso está a ser a escusa para xustificar a caída dos prezos.

✓ No sector porcino, chove sobre mollado

En canto ao sector porcino, até non hai moito Rusia era o segundo mellor cliente da Unión Europea despois de China, cunhas compras de 370.000 toneladas por uns 1.000 millóns de euros en 2013. As exportacións de carne de porcino do Estado español a Rusia supuxeron o ingreso duns 80 millóns de euros e o 69% das vendas cárnicas á Federación Rusa.

Do mesmo xeito que co leite, o sector porcino ten un grande peso na Galiza, onde traballan un terzo das explotacións do Estado (28.140 que representan o 32%), o que nos sitúa no primeiro posto en número de granxas e no quinto en produción. Este sector estaba a vivir unha tímida recuperación en canto a prezos e custes nos últimos meses tras varios anos de crise, polo que o veto ruso pode supor tamén un lastre se as autoridades comunitarias e estatais non evitan que os excedentes xerados pola crise inunden o mercado interno europeo.

De todos xeitos, nas exportacións de carne de porco a Rusia chove sobre mollado, pois xa había fortes restricións impostas polo Rosseljoznadzor (organismo ruso competente en sanidade animal e vexetal) por un suposto incumprimento das normas sanitarias rusas dende 2012 e, neste 2014, a raíz da peste porcina africana. Todo isto provocou que, en 2013, as exportacións de carne de porco a Rusia dende a UE caesen un 85% con respecto a 2012.

✓ A carne de vacún, tamén

Lonxe das exportacións de porcino a Rusia están as de carne de vacún. Aínda que Rusia mercaba o 25% das exportacións de carne bovina da UE; o Estado español exportou a este país, en 2013, 2.671 toneladas por 8,2 millóns de euros. Coma nos anteriores casos, haberá que ver onde van os excedentes xerados pola crise.

SEGUE ▶

Da burbulla inmobiliaria á burbulla láctea

Para o Sindicato Labrego Galego, as diversas medidas impulsadas pola Comisión Europea para afrontar a crise provocada polo veto ruso non garanten a estabilidade dos principais sectores agrogandeiros galegos afectados e non atacan o problema de raíz. E o problema é a insuficiencia, cando non total ausencia, de controis públicos sobre os mercados e a produción de alimentos; e unha política exportadora que só beneficia a grandes empresas agroalimentarias con capacidade para competir no mercado internacional e que non ten nada que ver con cubrir as necesidades internas e alimentarias da cidadanía europea.

✓ As críticas do Sindicato Labrego Galego no Consello Consultivo do Leite

Un dos foros onde o Sindicato Labrego expuxo estas críticas foi no Consello Consultivo do Leite, celebrado en Bruxelas o 3 de setembro para tratar a crise provocada polo veto ruso. A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, participou como representante da Coordinadora Europea da Vía Campesina e, no seu nome, criticou as medidas da Comisión Europea neste conflito. Para Isabel Vilalba, as axudas activadas pola Comisión para afrontar o veto ruso son totalmente ineficaces.

Isabel Vilalba criticou, por exemplo, “os prezos miserentos para retirar produtos como a manteiga, que se pagará a 2,2 euros o quilo, un valor que non cobre os custes de produción”. Da outra medida adoptada, a consistente en aumentar o período de almacenamento de leite en po e queixos, Isabel Vilalba dixo que supón “pospoñer o problema. Se almacenamos por un tempo o leite sen facer nada para reverter o incremento de produción na UE, o único que estamos a facer é adiar e agravar un problema. As medidas da Comisión van crear unha burbulla no sector lácteo que, tarde ou cedo, estourará”.



A situación actual do sector lácteo foi analizada na xuntanza da Dirección do Leite do Sindicato Labrego Galego celebrada o pasado 19 de setembro en Vilalba

✓ O incremento global na produción de leite agrava o problema dos excedentes

Para argumentar as súas críticas ás medidas da Comisión Europea, Isabel Vilalba baseouse nos datos facilitados no Consello Consultivo sobre o contexto desfavorable que viña arrastrando o sector lácteo en 2014, cun aumento global da produción e bai-

xada continuada de prezos. Neste senso, cómpre lembrar que, en xuño de 2014, a produción leiteira aumentou un 5'1% na Unión Europea, un 11% en Nova Zelandia e o 1'7% en Estados Unidos.

Este incremento produtivo non respondeu a un aumento da demanda. Dende o sector comercial advertiron que pode come-

zar a haber problemas para que o mercado absorba a produción a partir de incrementos do 2% e do 2'5% da produción.

O problema de sobreprodución complícase agora co veto imposto por Rusia aos produtos leiteiros. Aínda que as exportacións de lácteos á Federación Rusa supoñen só o 1,5% da produción total de leite comunitario, a porcentaxe é preocupante se falamos de queixo ou manteiga, pois o 33% e o 28% das exportacións europeas destes produtos, respectivamente, tiñan como clienta a Rusia. A grande ameaza estriba en que os principais exportadores de produtos lácteos da UE a Rusia metan os seus excedentes a baixo prezo no mercado comunitario en canto caduquen as cativas medidas de intervención aprobadas. Estamos a falar de Alemaña, que exporta a Rusia o 14'2% dos seus produtos lácteos; Italia, 8,6%; Reino Unido, 7,5%; ou Francia, 6'4%. Destes países, catro son vendedores netos ao Estado español, e poderían inundar o noso mercado e afundir os prezos.

Alternativa, haina: soberanía alimentaria

No Consello Consultivo do Leite, Isabel Vilalba defendeu políticas de intervención e regulación dirixidas a equilibrar a oferta coa demanda de produtos lácteos na UE. A uns meses de que a Comisión Europea suprima o sistema de cotas que, até o de agora, controlaba a produción, xa se están a dar síntomas evidentes de que a falla de controis están a propiciar un aumento produtivo que ameaza con desequilibrar o mercado e afundir os prezos, situación agravada polo veto de Rusia.

A maiores, dende o SLG demandamos da Consellaría de Medio Rural e do Ministerio de Agricultura que defendan en Bruxelas unhas políticas de intervención e de control máis ambiciosas. Nun prazo máis inmediato, reclamamos que se artellen mecanismos para compensar a baixada de prezos no leite, do mesmo xeito que se fixo con outros produtos afectados polo veto. Para iso hai fondos, como os 427 millóns de euros da reserva de crise da PAC. Tanto a Coordinadora Europea da Vía Campesina coma o SLG, seguimos a rexeitar que sexan produtores e produtoras quen apan den coas consecuencias de decisións xeopolíticas nas que non tiveron nada que ver.

Dende o Sindicato Labrego Galego defendemos que se apliquen medidas de urxencia, principalmente a través da retirada pública dos excedentes de leite e carne que se produzan por mor do veto ruso, do mesmo xeito que se está a facer coas froitas e as hortalizas, e con prezos dignos. “Débese valorar a posibilidade”, explicou Isabel Vilalba, “de impulsar a transformación de produtos perecedoiros que permita a súa conservación, de traballar para garantir a accesibilidade dos grupos empobrecidos e excluídos da sociedade a unha alimentación suficiente e equilibrada e, en todo caso, estudar a posibilidade de diferentes saídas dos produtos vetados en distintos mercados, respectando sempre a soberanía alimentaria dos diferentes pobos”. Respecto disto último, dende o SLG nos posicionamos totalmente en contra de que a Unión Europea elimine os excedentes xerados polo veto ruso a través de restitucións (axudas á exportación), pois colocar os nosos produtos agroalimentarios en terceiros países afundiría os prezos e arruinaría as súas explotacións, precisamente o que nós queremos evitar que aconteza na Unión Europea.

FIN ■

XENOCIDIO PALESTINO ▶ O estado sionista asasina a máis de 2.000 persoas, entre elas máis de 500 nenos e nenas, nun novo ataque inxustificado á Franxa de Gaza

O exército israelí masacra a agricultura e as organizacións do campo palestinas

Un mísil destruíu a casa do compañeiro Saad Ziada, provocando a morte de seis membros da súa familia

Durante este verán, o pobo palestino volveu ser masacrado polos tanques, ametralladoras e bombardeiros israelís. A mediados de agosto, o balance da operación Marxe Protectora sobre a Franxa de Gaza era desolador: máis de 2.000 persoas asasina- das (o 75%, poboación civil, incluíndo máis de 500 nenos e nenas), 250.000 desprazadas que se viron na obriga de abandonar o fogar, 5.000 vivendas destruídas, e 30.000 casas e edificios danados. As perdas materiais cífranse en 5.000 millóns de dólares, dos cales 3.000 millóns teñen que ver coa industria e a agricultura, que se viron forzadas a paralizar o seu ciclo produtivo durante cinco semanas. Foi a resposta de Israel ao asasinato de tres mozos xudeus no que, como se demostrou ao final, nada tiveron que ver as autoridades palestinas.

A agricultura e as persoas que lideran a resistencia labrega en Gaza tamén foron obxectivos prioritarios israelís. Puido comprobalo con inmensurable dor o noso compañeiro Saad Ziada, da organización irmá Unión de Comités Labregos de Palestina (Union of Agriculture Work Committes, UAWC), tamén membro da Vía Campesina coma o SLG. O 20 de xullo, nun ataque aéreo, un mísil israelí destruíu a súa casa e acabou coa vida de 6 membros da súa familia: a nai, tres irmáns, un sobriño e unha cuñada. El salvouse porque esa noite non estaba na casa.

Saad é un activo cadro da UAWC que tivo unha participación importante na VI Conferen-



Os labregos e labregas de Palestina tamén son un obxectivo militar para Israel, como esta explotación leiteira que foi atacada por mísiles en Gaza o pasado 10 de xullo

cia Internacional da Vía Campesina en Iacarta. Tralo brutal exterminio de boa parte da súa familia, lonxe de caer no desánimo, Saad declarou: “Nós pertencemos a esta nai terra amada de Palestina e estamos no camiño da vitoria e da liberación. A miña familia era unha familia refuxiada que fora expulsada de Al Faluja e sacrificou a súa vida por esta terra”.

Dende a UAWC e a Vía Campesina, fixeron un chamamento para que a comunidade interna-

cional, e os/as activistas e movementos sociais de todo o mundo exerzan presión sobre Israel para que poña fin a toda esta barbarie e acate as leis, tratados e dereitos humanos do pobo palestino e, cando menos, a cuarta Convención de Xenebra relativa á protección de persoas civís en tempo de guerra. Tamén se reclamou que os crimes de Israel contra a humanidade sexan xulgados e que o estado sionista poña fin ao apartheid do pobo palestino.

Campaña de apoio ao agro gazatí

Un xeito de colaborar dende aquí, témolo na iniciativa de Mundubat e EHNE-Bizkaia. Ambas organizacións iniciaron unha campaña solidaria para recadar fondos destinados a axudar aos labregos e labregas de Palestina. Os cartos recadados irán á UAWC, que traballará a pé de campo para coñecer as necesidades das familias afectadas polos ataques e decidir quen precisa axuda. Este proxecto pretende dar unha axuda de urxencia ás familias damnificadas polos ataques israelís e, a medio prazo, contribuír á rehabilitación das terras danadas polo exército na área de Gaza, cultivando plantas de vide, cítricos, hortalizas; e dotando as parcelas con sistemas de rega.

Se queres colaborar con este proxecto, podes unirte a través de: <https://euskadi.goteo.org/project/ayuda-a-la-resistencia-campesina-de-Gaza>

Ocupación ilegal de territorios, limpeza étnica e apartheid dende 1948

O conflito entre Israel e Palestina tivo as súas orixes no século XIX co nacemento do sionismo, un movemento político-relixioso que defendía o regreso do pobo hebreo a Palestina e que naceu como resposta a un antisemitismo en Europa que se ten traducido en pogroms, persecucións e no holocausto nazi. Como naquela época Palestina era un país árabe baixo protectorado británico, os xudeus organizaronse en bandas armadas e utilizaron o terrorismo como medio para acadar un estado propio. Así, en 1947, e como compensación ao horror do nazismo, a ONU asignáballe o 54% de Palestina á comunidade xudea, o resto para o pobo palestino, ficando Xerusalén como enclave internacional.

A partir de aí, Israel comezou a perpetrar unha meticulosa ocupación do territorio que lle correspondeu llexitimamente ao pobo palestino, utilizando para iso a expulsión, a limpeza étnica e o xenocidio de miles de inocentes. En 1948, Israel xa tiña o 78% do territorio ocupado. Coa guerra de 1967, Israel faríase coa totalidade e pecharía á poboación palestina en guetos: Gaza, Cisjordania e Xerusalén Leste. Nesas tres enclaves, malvive o pobo palestino, o meirande refuxiado ou descendente de refuxiados dende 1948, en zonas cercadas e vixiadas polo exército, que controla todo o que entra e sae: persoas, obxectos, alimentos, etc.

SEGUE ▶

O holocausto de 1 millón de oliveiras

Dende a fundación do Estado de Israel, en 1948, un dos principais obxectivos do exército non tivo nada que ver con perigosos grupos armados ou terroristas suicidas, tal e como nos fan ver o meirande dos medios de comunicación. Sexa con escavadoras ou con motoserras, as oliveiras convertéronse na vítima propiciatoria coa que Israel tenta someter, dende hai décadas, ao pobo palestino. Un millón delas, moitas con máis de mil anos de idade, foron exterminadas para socavar a soberanía alimentaria e a economía dun pobo que tamén resiste nas leiras.

Para afondar no particular asedio a que Israel somete á agricultura palestina, imos botar man duns parágrafos da reportaxe “Unha colleita de bágoas”, escrita polo xornalista especializado en Oriente Medio, Hanan Chehata:

“O froito da oliveira ten un profundo simbolismo para o pobo palestino; é o seu cultivo máis popular e perdurable. A oliveira está vinculada histórica, cultural e até espiritualmente á terra de Palestina; mesmo se menciona como froito sagrado na Biblia e no Corán. As oliveiras poden vivir centos de anos e xeracións de familias coidan das mesmas árbores. Son parte imperecedoira do patrimonio de moitas familias palestinas e crean un vínculo especial entre a xente e a súa terra. Un ataque a esas colleitas por parte dos colonos xudeus ou das autoridades israelís é un ataque contra a cultura e identidade de todo o pobo palestino.

As oliveiras comprenden o 25% da produción total agrícola de Cisjordania. Este cultivo e os seus derivados, incluíndo o xabrón e o aceite de oliva, son un dos alicerces máis firmes da economía palestina. Con todo, esta fonte de ingresos estase vendo implacablemente perseguida, téndose convertido no centro dunha campaña conxunta en Israel para obrigar ás familias palestinas a abandonar a súa terra e tentar, durante o proceso, degradalas e desmoralizalas. Aos labregos e labregas de Palestina roubóuselles a terra, incendiáronselles as colleitas, arrincáronselles as árbores, valáronse e ladrilláronse as súas granxas co muro da separación¹ para que non poidan chegar até elas, arrasaron os seus hortos para construír asentamentos ilegais e estradas racistas só



para xudeus, todo co único obxectivo de espoliar máis terra palestina.

En tanto que no pasado a recolección da oliva proporcionaba emprego a miles de persoas en cada rexión, coas familias traballando xuntas para apañar as colleitas, espremer os froitos, fabricar os derivados e exportalos; na actualidade, cada vez hai menos xente que poida gañar o sustento por esa vía. A consecuencia é que as familias palestinas están tendo que loitar desesperadamente por saír adiante. Só en 2010, estímase que as forzas e colonos israelís arrincaron ou queimaron polo menos 10.346 oliveiras en Cisjordania. O Ministerio de Agricultura da Autoridade Palestina informou que, na Franxa de Gaza, as forzas israelís destruíron polo menos 114.000 oliveiras dende que estalou a primeira Intifada

no ano 2000. De feito, prudentes valoracións cifran o número de oliveiras destruídas polos israelís en máis de 1 millón dende a creación do estado sionista, no ano 1948; dese millón, ao redor da metade destruíuse a partir de 1987.

Ademais, non é só a produción oliveira a que se viu afectada. Aínda que as olivas e as oliveiras forman realmente os alicerces da economía agrícola e teñen unha conexión especial coa cultura e a historia palestinas, non son en absoluto o único produto agrícola que está baixo ataque. Todo o sector agrícola palestino está ameazado de diversas formas polas autoridades israelís. En Gaza, por exemplo, a produción de tódalas colleitas non está sufrindo menos por mor do acotamento que Israel fai de zonas de ninguén e zonas de alto risco. Segundo a Oficina das Nacións Unidas para a Coordinación dos Asuntos Humanitarios, o 17% de Gaza está clasificado como zona de perigo ou doutro tipo e, polo tanto, é inaccesible para os labregos e labregas, que se arriscan a que os francotiradores israelís lles disparen e os maten se tentan poñer un pé nas leiras ou nas granxas que teñen nesas zonas. De feito, o 35% da terra cultivable de Gaza localízase en zonas restrinxidas ás que só se pode acceder con permiso de Israel, sexa para arar, plantar ou apañar a colleita.

Nun informe das Nacións Unidas, afírmase que “o valor do agrícola e outras propiedades destruídas nos últimos cinco anos nas zonas restrinxidas de terra chega aos 308 millóns de dólares (valor de reposición). Os activos relacionados coa agricultura inclúen froiteiras, invernadoiros e granxas de ovellas e polos, acadando o 90% do custo citado. Estimouse, ademais, que as restricións ao acceso e a destrución relacionadas cos activos agrícolas produce unha perda anual de, aproximadamente, 75.000 toneladas métricas de potencial produtivo. Estimacións prudentes cifran o valor de mercado dese produto perdido en 50,2 millóns de dólares ao ano. A maioría dos labregos e das labregas indicaron que, dende a expansión das zonas restrinxidas en 2008, os seus ingresos procedentes da agricultura reducíronse a menos da terceira parte do que gañaban anteriormente. Outros informaron que tódolos seus ingresos simplemente desapareceron”².

FIN ■

¹Trátase dun muro que aínda está en construción. Cando estea rematado, medirá 721 quilómetros e dividirá Cisjordania, deixando o 10% do seu territorio da banda israelí. Israel está arrasando todo o que hai nunha franxa de 200 metros a cada lado do muro, o cal supón aniquilar boa parte das terras agrarias e plantacións de oliveiras e froiteiras palestinas. Esta vergoñenta e faraónica obra xa foi condenada en 2004 pola Corte Internacional de Xustiza, que ditou a súa paralización e demolición sen que Israel fixese caso.

²Hanan Chehata, “Una cosecha de lágrimas”. www.rebellion.org - 26 de outubro de 2011



Phil Hogan (á dereita da imaxe) e Miguel Arias Cañete, agora comisarios europeos, xa se coñecían na súa etapa como ministros de Irlanda e do Estado español

COMISIÓN EUROPEA ▶ Phil Hogan é un político que carece de experiencia na xestión de temas agrícolas

O impulsor do canon da auga irlandés será o novo comisario de Agricultura

Arias Cañete, con máis de 300.000 euros investidos en 2 petroleiras, será o encargado de loitar contra o cambio climático

A nova Comisión Europea é unha boa expresión do que é o máximo órgano executivo da UE: un fato de políticos e políticas que chegaron aí por un reparto de cadeiras negociado e que non teñen por que saber nada da área que van xestionar. O nomeamento de Miguel Arias Cañete como comisario de Acción para o Clima e Enerxía ou o de Phil Hogan como titular de Agricultura son un inmemorable exemplo disto.

Por unha banda, o que foi ministro de Agricultura en dúas ocasións, con Aznar e Rajoy, será o encargado de xestionar os asuntos enerxéticos comunitarios e o reto de enfrontarse ao cambio climático global dende Europa. Non é que Cañete non saiba desta área, o problema é que sabe de máis: é accionista de dúas empresas petroleiras, Petrolífera Ducar S.L., con máis de 85.000 accións por valor de 165.000 euros, e Petrologis Canarias, con 23.585 accións valoradas en 160.000 euros. En re-

sume: ten demasiados intereses privados no sector como para xestionalo imparcialmente dende Bruxelas.

En canto ao novo comisario de Agricultura, o irlandés Phil Hogan, nunca desempeñou cargo algún relacionado coa agricultura. O máis semellante na súa carreira política a esta especialidade foi tratar asuntos relacionados coa industria alimentaria mentres era membro da oposición, entre 1989 e 1991, hai máis de vinte anos. A máxima responsabilidade que tivo como gobernante en Irlanda foi ser ministro de Medio Ambiente dende 2011, carteira na que impulsou un polémico imposto equivalente ao canon da auga na Galiza.

Con estes vimbios, a UE deberá enfrontarse a crises como a provocada polo veto ruso cun político sen experiencia en temas agrícolas; ou ao cambio climático propiciado por un quecemento global do planeta que ten como principal causa as emisións de CO₂ á atmosfera das industrias do hemisferio norte e a combustión masiva de derivados do petróleo, esa rocha líquida cuxo consumo dá tantos dividendos a Miguel Arias Cañete.

ACORDOS COMERCIAIS ▶ A Unión Europea e Canadá asinan o primeiro tratado o 25 de setembro en Ottawa

Resposta global contra os acordos comerciais con Norteamérica

A agroindustria canadense exportará 50.000 toneladas de carne de vacún e 75.000 de porcino nos vindeiros 5 anos

Na axenda de traballo do Sindicato Labrego Galego, a loita contra os tratados de libre comercio con Estados Unidos e Canadá volveron ter un espazo importante. O 14 e o 15 de xullo, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, participaba no II Encontro da Sociedade Civil Europea contra o TTIP (*Transatlantic Trade and Investment Partnership* ou Acordo Transatlántico de Comercio e Inversións), que se desenvolveu en Bruxelas para debater e acordar estratexias comúns con organizacións civís de toda Europa.

O 11 de setembro, rexistramos un escrito dirixido a varias institucións do Estado solicitando impugnar a inclusión da cláusula sobre a Solución de Controversias entre Inversor e Estado (ISDS, ver Fouce 301, páx. 23) no Acordo Económico e Comercial Amplo (CETA) que a Unión Europea ía asinar con Canadá o 25 de setembro (con este periódico xa impreso). A intención deste escrito era influír na posición española do Comité de Política Comercial do Consello da UE, que se reuniu en Bruxelas o 12 de setembro para chegar a un acordo sobre o texto final do CETA.

Por desgraza, ese día, a Comisión Europea rexeitaba a proposta de facer unha Iniciativa Europea Cidadá consistente en recompilar un millón de sinaturas para obrigala a revisar as súas políticas comerciais con EEUU e Canadá. Esta iniciativa foi rexistrada por unha fronte común de 230 organizacións so-

ciais e sindicais de 20 países europeos. En resposta ao xeito dictatorial de tratar esta cuestión por parte da CE, hai convocadas accións globais conxuntas en toda Europa contra os tratados comerciais da UE con Canadá e Estados Unidos, que se desenvolverán na semana do 6 ao 12 de outubro. As diversas manifestacións e protestas que se realicen esa semana, e nas que estará implicado o SLG, terán por obxectivo reivindicar políticas comerciais alternativas.

✓ Os sectores ameazados por Canadá serán os da carne de vacún e porcino

No que se refire ao comercio de alimentos, o tratado entre a UE e Canadá implicará que as fronteiras europeas se irán abrindo nos cinco anos seguintes: 50.000 toneladas (equivalente en canal) de carne de vacún sen hormonas (35.000 tn. de carne fresca e 15.000 tn. de carne conxelada) 3.000 tn. de carne de bisonte e 75.000 tn. de carne de porcino sen raptopamina. Pola súa banda, a Unión Europea poderá exportar durante eses cinco anos 18.500 tn. de queixos (16.800 tn. de queixos de alta calidade, non necesariamente baixo indicacións xeográficas protexidas, e 1.700 tn. de queixo industrial).



Os tratados comerciais entre Norteamérica e a UE provocan protestas cidadás nas dúas beiras do Atlántico

DESIGUALDADE ▶ A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego participou no proceso de elaboración deste documento a través da Confederación Ceres

Informe Sombra: 260 colectivos alertamos do retroceso nas políticas de igualdade

O dossier presentouse diante da ONU para denunciar o recorte dos recursos para loitar contra a violencia machista

No “Informe Sombra (2008-2013): a igualdade desmantelada”, elaborado por máis de 260 colectivos do Estado reunidos na Plataforma CEDAW*, denunciase a persistencia da discriminación e carencia de medios na loita contra toda clase de violencia de xénero e contra a trata.

O Estado español considera violencia de xénero a que se produce no ámbito da parella ou ex-parella, ignorando outros tipos de violencia como a sexual, os asasinatos de mulleres fóra do ámbito da parella ou prácticas prexudiciais como a mutilación xenital feminina ou o matrimonio forzoso. Saliéntase tamén que non existe un acordo político que garanta un estándar mínimo de dispoñibilidade, accesibilidade e calidade na atención ás vítimas de violencia de xénero.

O informe denuncia que en ámbitos tradicionalmente masculinos como o xudicial e o policial persisten os estereotipos de xénero asociados a violencia contra as mulleres ou nenas; ata o punto de que se as vítimas non son capaces de achegar as probas necesarias os casos son sobresidos sen investigación de oficio. Desde 2005 até 2012, os peches de casos provisionais en casos de violencia de xénero medraron un 158%. De 2009 a 2014, reduciuse un 23% o orzamento destinado á loita contra este tipo de violencia.

Até o momento non se apro-



Representantes das organizacións que elaboraron o Informe Sombra no Estado

bou ningunha lei integral contra a trata de mulleres, nin se traspuxo de xeito completo a Directiva Europea relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e a protección das vítimas. Polo contrario, o tratamento das cuestións de trata faise desde unha visión de política migratoria e de seguridade do estado. Non hai un recoñecemento específico do estatuto formal de vítima de trata, nin se aplica o principio internacional de non devolución.

✓ Educación: discriminación desde a escola

Segundo o Informe Sombra, na nova lei de educación (LOMCE) non se fai ningunha mención ao fomento da igualdade entre mulleres e homes, e incumpre varias das recomendacións que xa lle fixo o Comité da CEDAW ao Estado Español na súa avaliación anterior: non se está cumprindo a recomendación de implantar programas específicos sobre igualdade de xénero no sistema educativo, así como a capacitación do profesorado nesta materia. Aínda máis, a LOMCE di que non é discriminatorio segregar por sexos.

✓ Discriminación en dereitos económicos e emprego

O Informe Sombra denuncia que o deterioro do mercado laboral incidiu moito máis nas mulleres: teñen maior participación na economía informal, salarios máis baixos e maiores lagoas ao longo da vida laboral. É máis, as medidas para fomentar o emprego en plena crise foron dirixidas principalmente a sectores masculinizados a pesar de que a porcentaxe de desemprego feminino é maior.

A taxa de emprego feminino en 2012 non chegou ao 39%, 10 puntos por debaixo da masculina. Entre 2008 e 2013, o desemprego feminino duplicouse pasando do 13% ao 27%. O 72,5% das persoas con contrato a tempo parcial son mulleres. Ademais, en 2010 eramos o 4º país europeo con máis mulleres fóra do mercado laboral (tras Luxemburgo, Malta e Chipre) e as mulleres dedican ao fogar unhas 4,29 horas diarias polas 2,32 horas dos homes.

✓ Un goberno comprometido coa igualdade?

O texto denuncia que as políticas e os organismos encarga-

dos de velar pola igualdade recortáronse á metade nestes últimos catro anos. O organismo estatal para a igualdade baixou 3 rangos: de ministerio a dirección xeral e estivo case dous anos sen un Plano estratéxico para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

O orzamento do Estado para a igualdade recortouse nun 49% e a nova lei de bases de réxime local modifica e afasta da poboación as institucións con competencias en igualdade.

✓ Falta de compromiso cos dereitos sexuais e reprodutivos

As últimas reformas do sistema sanitario aumentan a desigualdade no acceso ao dereito á saúde para as mulleres. Así mesmo, grupos máis vulnerables como as mulleres inmigrantes e as vítimas de violencia de xénero ven aumentada a súa vulnerabilidade. Coa redución da asistencia, limítase e mesmo elimínase para as mulleres inmigrantes, o principal punto de detección de violencia de xénero, que é a atención primaria.

O repagamento sanitario afecta especialmente ás mulleres maiores, que ademais presentan unha maior incidencia cós homes de patoloxías crónicas que requiren tratamento.

O informe tamén advirte do serio retroceso que suporía a entrada en vigor da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo. Por outra banda, a retirada do financiamento de 8 anticonceptivos de última xeración afecta a 1 millón de mulleres. (6 comunidades autónomas non financian a pílula do día despois).

*CEDAW son as siglas en inglés da Convención sobre a Eliminación de toda forma de Discriminación contra a Muller, aprobada polas Nacións Unidas en 1979 e ratificada por 187 países. Podes descargar o informe en http://www.rednosotrasenelmundo.org/IMG/pdf/InformeSombra_Actualizado_16sep.pdf

NOVAS INCORPORACIÓNS AO AGRO ▶ O relevo xeracional na explotación familiar

SOFÍA CARBALLIDO MUGICO. O seu eran os planos e, mentres houbo traballo, gañou a vida no sector da construción. Dende o tren de alta velocidade a proxectos de gasificación teñen tras súa os trazos precisos de Sofía. Agora, trocou o computador polo arado e as liñas e perspectivas fuxiron dunha pantalla virtual para debuxarse na fértil plasticidade da terra.

“Traballo máis horas que antes, pero a calidade de vida compénsao”

✓ **Que fai unha delineante e administrativa coma ti nunha explotación coma esta?**

Até hai dous anos, traballei no sector da construción civil, tanto pública como privada. En 2008, houbo recortes de persoal na empresa e despedíronme. Xa daquela pensei na posibilidade de dedicarme á agricultura. A partir de determinada idade, se non te queres mover do lugar onde vives -e eu non quería saír de Galiza- é moi difícil atopar traballo na construción. Pouco despois, volvéronme contratar para traballar no tren de alta velocidade, e atrasei a miña incorporación.

Mais, dende aquela, quedoume a convicción de que, en canto tivese casa e un meniño, me dedicaría á agricultura para poder ter máis tempo para a miña familia e para poder vivir no meu entorno. Agora teño casa, teño fillo, e aquí estou. Din o paso definitiva-

mente cando rematou o contrato de obra pública polo que traballaba. Daquela, volví para Son de Arriba e dinme de alta como profesional agraria.

✓ **Que buscabas con este cambio na túa vida?**

Sobre todo, desenganchar. Antes só pensaba no traballo. Na actualidade é distinto: podo comer sen estrés, algo moi importante para min, pois tiña problemas dixestivos, e teño tempo para darlle de comer ao meu fillo; podo durmir máis tranquila e, se un día traballo menos, xa traballarei máis ao seguinte; mesmo podo ir unha vez á semana á praia e xa non preciso acudir a un

ximnasio para moverme. Agora son máis dona do meu tempo. En realidade, traballo máis horas que antes, pero a mellora na calidade de vida compénsao.

✓ **No teu caso, tomaches o relevo da explotación familiar. ¿Como foi o proceso?**

Saber que miña nai se xubilaba e que, a maiores, ía estar aí para ensinarme e apoiarme, axudoume a tomar a decisión. En canto ela se xubilou, eu dinme de alta. Para min, foi un paso moi grande ter xa a terra, a

maquinaria, as instalacións, os apeiros e os coñecementos necesarios da man de miña nai. Ela leva toda a vida dedicándose á agricultura e, no seu traballo, mesturou a sabedoría herdada da familia co aprendido despois en cursos formativos. Creio que miña nai colleu o mellor de ambas fontes para acabar traballando como labrega ao seu xeito. Eu procuro aprender todo o que podo dela e, para min, é un apoio moi grande.

SEGUE ▶



“Se me deran a escoller, eu non volvería exercer outra profesión”

✓ Tes intención de innovar ou seguirás coa explotación tal como a rexentaba túa nai?

Miña nai tiña coellos e galiñas, sobre todo para facer esterco, e traballaba fundamentalmente en horta, tanto fóra como en invernadoiro, cultivando hortalizas de tempada e vendéndoas na praza de abastos de Compostela. Esa foi a explotación que eu herdei, pero agora gustaríame innovar. Por exemplo, agora estou poñendo en marcha unha plantación de arandos.

Por outra banda, miña nai cultivaba todo de xeito tradicional, sen químicos; só excepcionalmente sulfataba os cultivos cando algunha enfermidade ou praga a superaba. A miña idea é poñer todo en ecolóxico. Iso require tempo e esforzo. Aínda teño que coller máis experiencia e coñecementos, pois levo moi pouco tempo neste oficio.

✓ Non todo sería un camiño de rosas.

Claro que non. O meu principal obstáculo ao incorporarme tivo que ver coas inclemencias do tempo. O ano pasado, un calor tremendo que favoreceu todo tipo de pragas. Este ano, un inverno que tirou para atrás e mingou moito os cultivos.

Pero, quizais, o que máis me quita o sono é o feito de investir cartos na explotación sen saber se irán ben empregados. E as subvencións tampouco me axudan a espantar esa preocupación, porque che dan menos diñeiro do que precisas e moito tempo despois de ter rematado as obras. Ao final, gastas tódolos aforros e estás á espera de que che veña a subvención para poder recuperar unha pequena parte do investido, sen saber se darás recuperado o resto.

✓ Que mudaría para que a xente moza nova se sinta apoiada para incorporarse á agricultura?

O exceso de burocracia non axuda, como tampouco axuda que as subvencións só chas dean cando xa remataches toda a obra na que querías investir, pois hai intres no que te sentes asfixiada economicamente. Para que bote a andar unha explotación agraria hai que poñer moitos cartos. Eu tiven sorte de que

xa tiña o tractor e a maquinaria, pero se non chego telos, debería mercalos, e é moito diñeiro. Agora mesmo, preciso poñer un sistema de rega para os cultivos, e a administración non dá subvencións para todo. Eu non digo que che dean tódolos cartos que precisas, pero si un pequeno apoio para calquera investimento que teña que ver coa actividade agraria.

Tamén boto de menos que, neste mundo tan competitivo, sexa tan difícil que as persoas con experiencia compartan contigo os

seus coñecementos. Eu tiven a sorte de ter a miña nai e de ter feito algún curso, pero gustaríame que alguén con experiencia me ofrecese axudarlle e, de paso, me explicase como fai as cousas para poder aprender. Hai moitos coñecementos en agricultura que se están a perder por non compartilos.

✓ Daquela, ¿cres que a formación é unha das materias pendentes para axudar a persoas que se queiran incorporar á actividade agraria?

Creo que a formación é moi necesaria, pero de pouco serve se non se potencia con ferramenas como o acompañamento das persoas que nos formamos. Dende este punto de vista, valoro moito as xuntanzas nas que podemos intercambiar coñecementos. Para min, son tan importantes os cursos en si, como o intercambio de coñecementos que tes coa xente coa que compartes aula.

✓ Que valoración final farías da túa experiencia? Anima-rías a dar este paso?

Eu nunca pensei que me ía gustar tanto como me gusta a agricultura. Pero tamén hai que ter moito carácter e ganas de facelo, sobre todo ao principio, pois moitas veces asáltache o desánimo. Eu levo moi pouco tempo, e aínda estou agardando a ver se este traballo me dá algún beneficio, que seguro que mo dará, como calquera outro negocio. A agricultura ten moitas cousas boas, como a independencia; pero tamén che obriga a ser constante, pois o que non fas un día vas ter que facelo outro. Tes que ir pouco a pouco, día a día, sabendo que vas ter bos momentos e outros nos que pasarás apuros tremendos. Para min a valoración global é positiva. Teño medo a non sacarlle rendemento ao traballo pero, polo demais, ben. Se me deran a escoller, eu non volvería exercer outra profesión que non fose esta. Tes que ter moi claro onde te vas meter. Aínda que ten recompensas, o camiño é moi duro.

FIN ■

“Saber que miña nai se xubilaba e que, a maiores, ía estar aí para ensinarme e apoiarme, axudoume a tomar a decisión”.



Axudas para paliar os danos provocados polo lobo

Orde do 16 de maio de 2014 que establece as bases para regular as axudas para paliar os danos producidos polo lobo. Afecta aos ataques de lobos que se comuniquen desde o 1 de outubro de 2013 ata o 30 de setembro de 2014. O procedemento é semellante aos anos anteriores: hai que comunicar os danos dentro das 24 horas seguintes a producirse o ataque. Os danos producidos entre o 1 de outubro de 2013 e a entrada en vigor desta orde, terán de prazo para comunicar os ataques até o 18 de xullo; os danos producidos dende a entrada en vigor da orde, hai que presentar a solicitude nun prazo de 45 días naturais contados dende o día seguinte á comunicación do ataque.

Devolución parcial do imposto de hidrocarburos ao gasóleo agrícola

Aberto o prazo para solicitar a devolución parcial do imposto de hidrocarburos para gasóleo B consumido en 2013. Máis información, no SLG.

Axudas á reposición de reses por sacrificio obrigatorio

Compensacións complementarias en explotacións de gando bovino, ovino e cabrún, e axudas para a compra de gando bovino, ovino e cabrún que teña por obxecto a reposición das reses, como consecuencia do sacrificio obrigatorio en 2014. O prazo para solicitar estas axudas remata o 30 de novembro. Máis información nas oficinas do Sindicato Labrego Galego.

Axudas para o emprego autónomo

A finalidade deste programa é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que facilitan a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia.

Ao abeiro de ambas ordes subvencionaranse as altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nelas, se formalicen dende o 1 de outubro de 2013 ata o 30 de setembro de 2014, ambos os dous inclusive. Hai dúas liñas de axudas: unha para maiores de 30 anos e outra para o resto.

O prazo para solicitar as axudas está aberto até o **30 de setembro**.


Axudas a mulleres cotitulares ou titulares de explotacións para afiliarse á Seguridade Social

Estas axudas poden beneficiar ás mulleres que se desen de alta na Seguridade Social dende o 1 de Outubro de 2013 ate o 30 de Setembro de 2014. Están dirixidas a mulleres de 50 anos de idade ou menos, incorporadas ao réxime especial de traballadoras por conta propia ou autónomas a través do sistema especial para traballadoras por conta propia agrarias en réxime de titulares únicas ou cotitulares da explotación.

Os prazos para solicitar estas axudas son:

- ✓ Para as altas dende o 1 de outubro de 2013 ate o 25 de xuño de 2014: prazo até o 25 de agosto.
- ✓ Para as altas entre o 25 de xuño e o 30 de setembro de 2014: 2 meses despois da data en que se solicite a alta; as últimas solicitudes poderán presentarse até o 30 de novembro.

Asesoría para as mulleres do rural.
Infórmate en calquera oficina do Sindicato Labrego Galego



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Becerras e becerras de raza Rubia para recría. No Covelo (Pontevedra).
☎626 442 294

Véndese

-Cachorros de mastín español auténticos.
☎626 194 490 (Paco).

Véndese

-Cisterna Comper de 3.000 litros, no Corgo.
☎659 341 116

Véndese

-Explotación por abandono de actividade en Mahía, (Cambás, Aranga).
-Vacas de leite.
-Sala de muxido Gascoigne de 8 puntos.
-Tanque de leite de 1.600 l.
-18 cornadizas.
-1 silo de penso de 6.000 litros dividido en 2 cubas.
-Aboadora mecánica Brun de 800 quilos.
-Tractor John Deere 2.850 de dobre tracción.
-Remexedor de zurro.
☎608 551 543 e 981 793 513

Véndese

-Invernadoiro de 950 m2. Zona de Silleda.
☎659 256 190 (Lourdes).

Véndese

-Cisterna de 2.500 litros con documentación.
☎618 244 883

Véndese

-Xovencas frisoas próximas ao parto con carta. En Chantada.
☎699 638 399

Véndese

-40 rolos de herba seca.
☎610 422 878

Véndese

-Carro mesturador vertical de 9 metros, marca Tato. Semi-novo. Zona Silleda.
☎639 371 324 (Pili).

Véndese ou arréndase con de-reito a compra

-Casa de labranza con historia en Marcón (Pontevedra) con 3.600m² de horta e viña, froiteiras, nogueiras e castiñeiros. A 1 Km. do casco urbano de Pontevedra.
☎607 947 795

Véndese

-Vacas.
-Uva mención da Ribeira Sacra (colleita propia).
Zona de Portomarín
☎660 968 743 e 697 422 304

Véndese

-Rolos de silo e herba seca.
☎610 472 095

Véndese

-Rolos de silo.
☎981 793 197 e 639 435 273

Véndese

-Planta ecolóxica para horta, co selo do CRAEGA en tramitación. Pódese consultar o catálogo en <http://ir.gl/b37100>
Máis información en Feitoría Verde (Xián-Vedra).
☎698 164 249

Véndese

-Automóbil Audi A3 de 1999. Económico. Zona Compostela.
☎636 154 317

Véndese

-Cisterna de 7.000 l. Carruxo.
-Tractor Casse de dobre tracción, 90 CV.
En Oroso (A Coruña).
☎606 624 954

Véndese

-Alpacadora
-Enroladora.
-Cisterna de 3.000 litros
-Rulo e asucadores. Zona de O Corgo (Lugo).
☎659 649 644

Véndese

-Cuba de leite de 2.300 litros, lavado automático e trifásica.
-Desensiladora Bull de dobre coitela.
-Poldro. Zona de Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Abono de ovella.
-Herba seca da campaña 2014, en rolos ou alpacas.
-Maquinaria agrícola de segunda man.
☎608 186 123 (a partir das 11:00 da mañá).

Véndese

-Rotativa Deutz-Fahr. Zona do Corgo (Lugo).
☎689 75 24 00

Véndese

-Tanque de frío Mueller de 1.900 litros. Lavado automático, trifásico.
-Arado de tres regos.
☎981 787 013 / 630 223 078

Véndese

-Rolos de silo e herba seca do 2013. Na comarca do Deza.
☎647 777 498

Véndese

-Tractor Agria de 30 CV con remolque, fresa, arado de 3 regos, arado de virar e grade.
☎666 629 122

Véndese

-Autocargador en bo estado no Corgo (Lugo).
☎648 718 864

Véndese

-Autocargador Rotomorra.
☎648 788 201 / 981 196 179

Véndese

-Circuíto de muxido de 3 puntos marca Miele.
-Tanque de frío de 700 litros.
-Segadora marca BCS (rodas novas). Na comarca de Arzúa.
☎600 614 565

Véndese

-Tractor John Deere 2140.
-Rotoempacadora Wolvo R12.
-Rotoempacadora Gamosari.
-Remolque espaxedor JF de 6 toneladas.
☎620 171 952 (Xabier)

Véndese

-Muíño de tractor en Trazo (A Coruña).
☎646 216 622 (Manola)

Véndese

-Sala de muxido CIRCOMAT SINETHERM de tres puntos con pulsadores eléctricos e lavadora automática.
-Tanque de frío MANUX DE 600 litros
-Tanque de frío FONTSERE de 500 litros.
☎981 669 250 / 627 981 309 (mediodía).

Véndese

-Batedor de zurro seminovo a bo prezo.
☎650 121 370

Véndese

-Becerras Limousin. Zona de Lugo.
☎685 884 257

Véndese

-30 rolos de herba seca na zona de Arzúa.
☎981 518 718

Véndese

-Rolos de herba seca.
☎659 213 085

Véndese

-Xovencas e vacas preñadas. Zona Betanzos.
☎659 741 964

Véndese

-Limpadora de trigo e centeo con motor.
-Muíño de tractor.
☎648 718 864 (Manuel)

Véndese

-Rotoempacadora Mascar seminova. Zona Pontedeume.
☎628 856 440

Véndese

-Fariña e gran de millo do país de distintas variedades. Cultivado en explotación agrícola en conversión a ecolóxico.
☎616 840 467 (Lola)

Véndese

-Autocargador picador POTTINGER Boss II,. Case novo, 30 m3 de carga.
En Láncara (Lugo).
Prezo: 8.000 € (negociables).
☎982 167 388 / 606 508 189

Véndese

-Viño do país e Barrantes.
-Augardente.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Cisterna Carruxo 7.500 con tubo de carga, tándem e depresor de 14.000. En bo estado.
☎981 699 226

Véndese

-Máquina malladora de cereal, marca Campeba. Serve para limpar toda clase de cereais. Na zona de Touro (A Coruña).
☎981 191 327

Véndese

-Xatas frisoas próximas ao parto. Probas de ADS feitas. Zona Portomarín.
☎697 422 304 e 982 034 032

Véndese

-Material de explotación de coellos por cese de actividade (Gaiolas, silos, extractores, tractor 100 horas...)
☎678 747 591 / 607 435 078

Véndese

-Vaca Rubia Galega.
☎689 752 400

COMPRAS

Mércanse

-Coleiras ou cangas para vacas.
☎638 067 100

Mércase

-Segadora de peites para acoplar a tractor duns 2 metros de ancho.
☎988 44 20 57 (Andrés).

Mércase

-Semente de herba.
☎647 639 010 (Suso).

Búscase

-Casa para alugar que teña cortes de tamaño medio para o gando nas provincias de Lugo ou A Coruña.
☎698 287 698

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas
que te maltraten.
Solicita axuda
no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

David Vázquez é vocal no Consello Reitor da Cooperativa de Consumo Árbore, de Vigo. Dentro dela, David participa na Comisión para o Consumo Local, un grupo de traballo formado hai dous anos cun obxectivo: crear un sistema participativo de garantía (SPG) alternativo ao oficial do Consello de Agricultura Ecolóxica (Craega) que sería o primeiro na Galiza. Está a ser un proceso laborioso desenvolvido grazas á voluntariedade e porfía de persoas comprometidas que traballan para que bote a andar.

“Queremos unha certificación directa sen depender de terceiras partes”

✓ Por que un sistema participativo de garantía?

Ao noso parecer, a normativa europea pola que se rexe a produción, distribución e venda de produtos ecolóxicos redactouse dun xeito bastante miope, favorecendo ás grandes empresas do sector alimentario e castigando, incluso excluindo, aos pequenos produtores, que non poden ou non queren asumir os custos de certificación, e que con todo son os principais actores en termos de soberanía alimentaria. No sur de Pontevedra, por exemplo, hai moitas explotacións de horta que non son moi grandes e que cultivan moita variedade de produtos para vender a nivel local; a este tipo de explotación non lle resulta viable obter o certificado do Craega, xa que supón custos económicos, excesivos trámites burocráticos e ten algunhas limitacións como co emprego de compost non certificado ou co uso de sementes propias ou locais (sen selo), prácticas moi habituais na agroecoloxía.

✓ Como naceu a idea?

Ainda que o SPG se comezou a traballar na Cooperativa Árbore, paralelamente outras asociacións e proxectos xa estaban interesadas nesta cuestión, de modo que se deron as circunstancias propicias para comezar; agora Árbore só é un actor máis dentro do grupo. No noso caso particular, un dos principios de Árbore é a preferencia polos circuitos curtos de comercialización, pero hai produtos de horta, e sobre todo froita, que nos chegan de lugares afastados como Andalucía e Cataluña. A min e a outras persoas socias da cooperativa isto parecíanos contradictorio, e por iso comezamos a tratalo na Comisión para o Consumo Local.

✓ En que consiste o traballo da comisión?

Facemos busca activa do que se cultiva aquí en ecolóxico para tentar reducir os circuitos de comercialización. A raíz disto, de-



catámonos que non hai moita xente que cultive en ecolóxico con selo oficial pola nosa bisbarra. Por outra banda, cada vez hai máis xente que sente a chamada da terra e do traballo labrego, xente que cultiva en ecolóxico por vocación pero sen certificar por diversos motivos. Esta situación foi o punto de partida para crear un SPG que dese cabida a estas explotacións que cultivan con criterios agroecolóxicos na nosa comarca.

✓ Que principios rexen o voso SPG?

Son catro: a agroecoloxía; os circuitos curtos de comercialización; a soberanía alimentaria; e participación, consenso e transparencia.

✓ Daquela, ¿non é o mesmo agroecoloxía que agricultura ecolóxica?

A agroecoloxía vai máis alá dunha agricultura ecolóxica que se limita a un sistema de produción regulado pola Unión Europea. A agroecoloxía inclúe, ademais das boas prácticas na produción de alimentos, cuestións de tipo social, laboral ou medioambiental que non se contemplan nas normativas oficiais da produción ecolóxica.

✓ A aposta polos circuitos curtos supón un límite xeográfico para o voso SPG?

Un sistema participativo de garantía só pode funcionar con distancias curtas entre as persoas que producen e as que consumen. Pretendemos certificar por pares, e iso implica visitas participativas nas que sexa viable facer unha certificación directa sen ter que depender dunha terceira parte. Ademais, a filosofía dos SPG non contempla complexas cadeas de distribución nin distancias moi longas que impliquen sistemas de envasado ou transportes que preferimos reducir.

Máis en concreto, agora mesmo estamos participando na creación deste SPG xente e colectivos do sur de Pontevedra, de comarcas como O Morrazo,

Vigo, O Condado ou o Baixo Miño. Mais o ámbito xeográfico desta experiencia é un debate que aínda temos pendente: delimitar a nosa área de actuación ou deixala aberta. Persoalmente, creo que é mellor deixar as portas abertas para calquera que queira incorporarse no SPG e respecte os seus principios.

✓ En que fase estades deste proxecto?

Polo de agora, xa elaboramos un sistema de certificación para ir facendo visitas a provedores que van contactando coa Cooperativa Árbore. Por outra banda, está o desenvolvemento do propio sistema participativo de garantía, que comezou a andar hai uns tres meses e implica varios colectivos de consumo consciente, produtores e produtoras, etc. Con sorte, para 2015 xa poderemos ter un traballo de base feito para comezar a facer visitas, certificar os produtos e ir lle dando unha forma final que aínda non decidimos. Neste senso, temos pendente debater aspectos importantes do SPG, como se facemos un selo ou un logo propio que identifique os produtos.